



AUTOINFORME DE SEGUIMIENTO

Grao en Administración e Dirección de Empresas - INTERCAMPUS

Curso Académico: Curso 2017-2018

■ [Datos da universidade e do título obxecto do seguimento](#)

■ [Cumprimento do proxecto establecido](#)

■ Dimensión 1. A xestión do título

■ [Criterio 1. Organización e desenvolvemento](#)

■ [Criterio 2. Información e transparencia](#)

■ [Criterio 3. Sistema de garantía de calidade](#)

■ Dimensión 2. Recursos humanos

■ [Criterio 4. Recursos Humanos](#)

■ [Criterio 5. Recursos materiais e servizos](#)

■ Dimensión 3. Resultados de aprendizaxe

■ [Criterio 6. Resultados da aprendizaxe](#)

■ [Criterio 7. Indicadores de satisfacción e rendemento](#)

■ [Listaxe de evidencias e indicadores](#)

■ [Modificacións do plan de estudos](#)

■ Plan de Melloras

■ Finalizadas Curso 2017-2018

■ Criterio 1 - Organización e desenvolvemento

■ [AM-4 \(L\)](#)

■ Criterio 2 - Información e transparencia

■ Criterio 3 - Sistema de Garantía de Calidade

■ Criterio 4 - Recursos humanos

■ Criterio 5 - Recursos materiais

■ [AM-1 \(L\)](#)

■ [AM-3 \(S\)](#)

■ Criterio 6 - Resultados da aprendizaxe

■ [AM-3 \(L\)](#)

■ [AM-1 \(S\)](#)

■ Criterio 7 - Indicadores de satisfacción e rendemento

■ [AM-2 \(S\)](#)

■ Plan de Melloras

■ Abertas Curso 2018-2019

■ Criterio 1 - Organización e desenvolvemento

■ [AM-2 \(L\)](#)

■ [AM-1 \(S\)](#)

■ [AM-6 \(S\)](#)

■ [AM-8 \(S\)](#)

■ Criterio 2 - Información e transparencia

■ [AM-3 \(L\)](#)

■ [AM-2 \(S\)](#)

■ Criterio 3 - Sistema de Garantía de Calidade

■ Criterio 4 - Recursos humanos

■ [AM-4 \(L\)](#)

■ [AM-3 \(S\)](#)

■ Criterio 5 - Recursos materiais

■ [AM-1 \(L\)](#)

■ [AM-7 \(S\)](#)

- Criterio 6 - Resultados da aprendizaxe

- [AM-7 \(L\)](#)

- [AM-4 \(S\)](#)

- Criterio 7 - Indicadores de satisfacción e rendemento

- [AM-5 \(L\)](#)

- [AM-6 \(L\)](#)

- [AM-5 \(S\)](#)

<u>1. DATOS DA UNIVERSIDADE E DO TÍTULO</u>	
Denominación do título	Grao en Administración e Dirección de Empresas - INTERCAMPUS
Mencións/Especialidades	
Universidade responsable administrativa	Universidade de Santiago de Compostela
En caso de títulos interuniversitarios, universidade/s participante/s	
Centro responsable	Facultade de Económicas e Empresariais
Centro/s onde se imparte	Facultade de Económicas e Empresariais
	Facultade de Administración e Dirección de Empresas
Rama de coñecemento	Ciencias Sociais e Xurídicas
Número de créditos	240 ECTS
Profesión regulada	Non
Modalidade de impartición	Presencial
Curso de implantación	2009/2010
Data acreditación ex ante (verificación)	22/06/2009
Data renovación acreditación	01/12/2017

2. CUMPRIMENTO DO PROXECTO ESTABLECIDO

DIMENSIÓN 1. A XESTIÓN DO TÍTULO

CRITERIO 1. ORGANIZACIÓN E DESENVOLVEMENTO:

Estándar: O programa formativo está actualizado e implantouse de acordo coas condicións establecidas na memoria verificada.

Analizar e valorar se o desenvolvemento do plan de estudos realizou conforme a memoria verificada e non se produciron incidencias graves, o que permitiu unha correcta adquisición das competencias por parte dos estudantes.

1.1.- O título mantén o interese académico e está actualizado segundo os requisitos da disciplina, avances tecnolóxicos e científicos, necesidades socioeconómicas e requisitos da profesión.

Aspectos a valorar:

- O perfil formativo/egreso do título mantén a súa relevancia e está actualizado segundo os requisitos do seu ámbito académico, científico e profesional e, no seu caso, segundo as necesidades e requisitos da profesión regulada.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

Consideramos que as circunstancias e os requisitos académicos, científicos e profesionais non mudaron substancialmente.

O perfil de egreso dos Graduados en ADE correspóndese co definido pola universidade española para este título. As pautas foron as sinaladas polo Libro Blanco sobre "Título de Grado en Economía y en Empresa" da ANECA elaborado pola Conferencia Española de Decanos de Economía e Empresa, a partires de estudos en distintas universidades e coa colaboración da Confederación Española de Organizacións Empresariais, o Consello Xeral de Colexios de Economistas de España e o Consello Superior de Colexios Oficiais de Titulados Mercantís e Empresariais, e Directores de Escolas Universitarias de Ciencias Empresariais.

O graduado en Administración e Dirección de Empresas estuda o xeito en que as empresas obteñen e empregan os recursos que teñen á súa disposición, para o logro de determinados fins e obxectivos. Atende, polo tanto, ao xeito en que se xestionan os recursos, procesos e resultados das súas actividades.

Os perfís do alumnado egresado asociados a esta titulación esixen unha especialización intensa e atenta ás demandas circunstanciais e cambiantes. Por iso, os perfís deben axustarse a distintas formulacións da demanda como: desempeñar labores de xestión, asesoramento e avaliación nas organizacións produtivas. Estes labores pódense desenvolver no ámbito global da organización ou en calquera das súas áreas funcionais: produción, recursos humanos, financiamento, comercialización, investimento, administración ou contabilidade. Esta análise das demandas cambiantes da contorna en relación ao perfil de egreso realízase conxuntamente cos comités consultivos creados nos respectivos centros. Estes comités consultivos están formados por representantes dos grupos de interese externos á Facultade e ten a finalidade de aconsellar ao equipo de dirección sobre actividades profesionais, de negocio ou interese social que afecten ao Centro e faciliten o seu desenvolvemento futuro e a súa proxección social. Reúnese ao menos unha vez o ano.

As disciplinas que compoñen o Plan de estudos do Grao en ADE están orientadas a garantir que o alumnado adquira as habilidades e coñecementos, teóricos e prácticos, relativos a todas as formulacións de demanda

mencionadas no perfil idóneo. Consideramos que o deseño do Plan cumpre tales características. Asemade, hai unha serie de competencias que se poden complementar con outras actividades ofertadas nos dous centros, tales como as prácticas externas, os programas de mobilidade, o plan de acción tutorial e as actividades extraacadémicas. Consideramos estas actividades que promoveu ou nas que colaborou a Facultade e que complementaron ás previstas no plan de estudos para a adquisición de competencias e para a adaptación aos cambios científicos e profesionais son adecuadas.

Consideramos que a importante demanda dos estudos universitarios de Administración e Dirección de Empresas, xustificada adecuadamente na memoria, sigue vixente. O título do Grao en ADE ofrece ao alumnado unha sólida formación a partir dun bloque central de coñecementos básicos que se imparten nos primeiros cursos e remata no último curso cun considerable abano de materias de carácter optativo co obxectivo de posibilitar unha certa especialización en consonancia coas formulacións da demanda antes mencionadas.

1.2.- O plan de estudos desenvolveuse seguindo a oferta de módulos e materias previstas na memoria verificada.

Aspectos a valorar:

- A oferta de módulos e materias correspóndese co establecido na memoria de verificación e, se é o caso, nas sucesivas modificacións.
- O Desenvolvemento das actividades académicas, metodoloxías docentes, sistemas de avaliación e cualificación, correspóndense co establecido na memoria de verificación e permite a consecución das competencias. O tamaño dos grupos é adecuado ás actividades formativas.
- No seu caso, o curso de adaptación cumpre a súa función en canto á adquisición de competencias e coñecementos, por parte dos estudantes que os cursen e adecúase ao establecido na memoria de verificación do título.
- Participación do alumnado en programas de mobilidade.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

As competencias e os obxectivos que os estudantes adquiren durante os seus estudos e que son esixibles para outorgar o título de graduado en ADE, segundo a memoria do título e as modificacións do mesmo, axústanse ao establecido nos RD 1393/2007 e RD 861/2010 (que modifica o anterior) e o Marco Español de Cualificacións para a Educación Superior, MECES.

Tal e como se establece no artigo 9 do RD 1393/2007, de 29 de outubro, as ensinanzas de Grao teñen como finalidade a obtención por parte do estudante dunha formación xeral, nunha ou varias disciplinas, orientada á preparación para o exercicio de actividades de carácter profesional.

En base a este principio xeral, o obxectivo fundamental do título de grao en Administración e Dirección de Empresas pola Universidade de Santiago de Compostela é a formación, a un nivel xeral, de profesionais que sexan capaces de desempeñar labores de xestión, asesoramento e avaliación nas organizacións produtivas, pois estes labores pódense desenvolver no ámbito global da organización ou en calquera das súas áreas funcionais: produción, recursos humanos, financiamento, comercialización, investimento, administración ou Contabilidade. Para alcanzar estes obxectivos, os graduados e graduadas deben adquirir unha serie de competencias xerais, específicas e transversais.

A avaliación das competencias recollidas na MVT complétase coa realización e avaliación do traballo de fin de grao presentado por cada alumno. A avaliación do TFG realízase en base ao recollido no Regulamento de TFG do Grao en ADE ([Santiago](#), [Lugo](#)) e na propia guía docente do TFG. Esta avaliación estrutúrase en tres apartados: calidade do traballo, presentación escrita e exposición e defensa pública.

En canto ás materias do grao, ofertáronse todas as previstas na memoria verificada. Os programas/guías docentes apróbanse en primeira instancia nos Consellos de Departamento e, posteriormente, na Xunta de Facultade. Os departamentos deben verificar, antes de aprobalos, a concordancia entre os programas/guías docentes e as fichas que figuran na Memoria do título. Tamén se fixo un esforzo por coordinar os programas, sistemas de avaliación e metodoloxía de cada unha das materias nos dous campus.

Por outra parte, foi necesaria unha adecuación na práctica da actividade docente a un número de alumnos por grupo superior ao establecido na planificación recollida inicialmente na Memoria do Título (grupo expositivo: 75; grupo interactivo: 25; titorías en grupos reducidos: 10).

En Santiago o número de estudantes por grupo de teoría situouse no último ano en 76 (80,39 no curso anterior), por riba do recollido na MVT e pero moi por riba da media da USC (59,93 media para curso 2016/17 e 53,95 no curso 2017/18). Tamén se ten producido nos últimos cursos un incremento importante do número de estudantes por grupo de práctica situándose en 33,69, moi por riba da MVT (25) e da media da USC (21,77 no curso 2017/18).

En Lugo o número de estudantes por grupo de teoría aumentou lixeiramente no último curso, pasando de 58,43 no curso 2016-17 a 60,46 no curso 2017-18, por debaixo da MVT. Nos grupos interactivos situouse en 30,78, lixeiramente superior a media do curso anterior (30,47) por riba da MVT.

Desenvolvemento do traballo fin de grao (TFG)

Mantivéronse as melloras no deseño e desenvolvemento do TFG levadas a cabo nos cursos anteriores e recollidas nos Informes de Seguimento/Acreditación previos:

1. Tanto en Santiago como en Lugo, organizouse unha sesión de presentación da materia “Traballos de Fin de Grao” (conxunta para todos os matriculados de Economía y ADE, no caso de Santiago) e en Lugo para todo alumando dos Graos en ADE en Xestión e PEMES, de dúas horas de duración. Nela explicouse todo o contido da Guía Docente (metodoloxía, procedemento, tempo, responsabilidades do alumno/a e do titor/a,...) e indicáronse as fontes dispoñibles de información e as actividades de formación que se ían desenvolver. A dita sesión asistiron máis de 200 alumnos/as en Santiago e máis de 15 en Lugo.

2. En Santiago, o Servizo de Biblioteca da Facultade de Ciencias Económicas e Empresariais mantivo tres guías formativas relativas ás competencias informacionais: “Citar a información”, “APA 6ª edición” e “Recursos e fontes

de información”. Estes documentos están dispoñibles na aula virtual e na web dos TFG da Facultade. O alumnado foi invitado a participar nos cursos de formación en Competencias Informacionais organizado polo biblioteca da facultade. En concreto o nivel avanzado está dirixido á elaboración do Tralado de Fin de Grao.

En Lugo, o alumnado foi invitado a participar nun curso de competencias informacionais organizado para todo o alumnado do campus pola Biblioteca Intercentros.

3. En Santiago, realizáronse enquisas de satisfacción ao alumnado de TFG. Os resultados están dispoñibles no Informe de Coordinación do Grao en ADE (2017/18): a competencia mais valorada é a capacidade de comunicación e traballar autonomamente (4,08), seguida da xestión da información (3,94) e a organización do traballo (3,93). A menos valorada é a capacidade para traballar en equipo (1,97), o que non é de estrañar tendo en conta que neste centro non se emprega na fórmula do TFG en equipo. A sensibilidade fronte a cuestións medioambientais (2,27) é, como noutras convocatorias, unha capacidade pouco desenvolvida. No relativo á satisfacción, como noutras edicións, a máxima valoración adquirea o titor (4,39). Tamén é salientable a satisfacción con ter realizado o traballo (4,09).

Non obstante, sobre todo en Santiago, segue a ser unha materia cunha xestión complicada nun centro con tanto alumnado. Foi o primeiro ano onde se implantaron as reformas na normativa da USC que pensamos axudaron a mellorar o proceso. No relativo a esta materia, normalizouse a presentación de traballos en formato póster

En Lugo, avaliáronse os primeiros TFG de acordo co regulamento de TFG modificado no curso 2016-17.

En Santiago durante o curso 2017-18 mantívose a Aula Virtual do TFG dirixida pola coordinadora do 4º curso do grao, na que se daba conta de aspectos relacionados co TFG. Asemade, tamén se utilizou como instrumento para solucionar as posibles dúbidas que tivera o alumnado matriculado nesta materia.

En Santiago, segue traballando o Grupo de Innovación Docente para a planificación e xestión dos TFG da USC posto en marcha pola Comisión do TFG da Facultade, o que mellorou as reflexións sobre a materia e o intercambio de resultados e experiencias con outros axentes implicados.

Actividades complementarias para o desenvolvemento das competencias do grao

Na Facultade de Ciencias Económicas e Empresariais de Santiago e na Facultade de ADE en Lugo desenvólense un conxunto de accións complementarias que poden agruparse en catro puntos:

- Prácticas externas.
- Programas de mobilidade.
- Plan de Acción Titorial.
- Actividades extraacadémicas.

Programas de mobilidade

Tal e como se recolle polo miúdo no criterio 7, en Santiago a porcentaxe de estudantes enviados pola USC a programas de mobilidade sobre o total de matriculados (IN17G-PC-08) viña medrando nos últimos anos, se ben no curso 2015-2016 sufriu un retroceso (2,39%) e volveu a repuntar no 2016-17 (2,93%). No último curso (2017/18) destacamos un incremento significativo ata o 4,09%.

No último curso, en Santiago a mobilidade sainte foi de 47 alumnos, 3 mediante convenios en Chile e China, 39 Erasmus e 5 SICUE (o ano pasado foran 32) (INF 03). Desde a facultade estase a facer un esforzo importante para dinamizar este tipo de programas, por iso, seguimos facendo unha presentación dos programas ao alumnado na que contamos coa presenza do Servizo de Relacións Exteriores da Universidade.

En Lugo, a porcentaxe de estudantes enviados pola USC a programas de mobilidade sobre o total de matriculados sufriu un lixeiro descenso en relación ao curso precedente situándose no 1,50%. Desde a facultade séguese a facer

un esforzo importante para dinamizar este tipo de programas, xa que algúns dos convenios firmados con outras universidades quedan sen cubrir. Por iso, faise unha presentación dos programas ao alumnado e contamos con alumnado-titor para tratar de dinamizar tamén estes programas. Asemade, a Facultade participa en todas as actividades relacionadas coa mobilidade dos estudantes organizadas polo servizo de relación exteriores no campus terra.

Por outra parte a porcentaxe de estudantes recibidos pola USC de programas de mobilidade sobre o total de matriculados (IN18G-PC-08) descendeu no campus de Santiago, pasando do 7,51% ao 5,74% no curso 2017-18, mentras que en Lugo aumentou levemente pasando do 8,43% ao 11,38%. No último curso, en Santiago a mobilidade entrante foi de un total de 95 alumnos, con un incremento importante respecto aos 82 alumnos do curso 2016/17, 70 mediante convenios bilaterais, 24 Erasmus e 1 SICUE (INF 03). En Lugo a mobilidade entrante foi de un total de 41 alumnos, 39 mediante convenios bilaterais e 2 Erasmus.

Consideramos que o número de estudantes recibidos é satisfactorio, estando plenamente integrados nas actividades das facultades e na vida universitaria dos campus.

Tal e como se recolle en detalle no criterio 7, a satisfacción dos estudantes saíntes cos programas de mobilidade (IN15G-PC-08) mantense en niveis axeitados (3,57 Santiago). En Lugo a valoración foi de 3,94 .

En xeral, o seu nivel de satisfacción co programa de mobilidade e coa experiencia vivida é moi elevado, do 4,50 en Santiago e do 4,67 en Lugo (INF.04). A taxa de resposta a esta enquisa foi do 23,81% en Santiago (10 estudantes) e do 60% en Lugo (3 estudantes).

En canto a satisfacción xeral dos estudantes entrantes cos programas de mobilidade segundo os últimos datos disponibles (INF. 05) sofre un lixeiro descenso nos últimos anos en Santiago, mantendo valores elevados (Santiago pasa do 4,36 no curso 2013-14 a ao 3,80 no curso 2017-18). En Lugo pasa do 4,33 no curso 2013-14 ao 4,75 no curso 2017-18 . De feito, o 80% do alumnado recomendaría a experiencia a compañeiros en Santiago e o 100% en Lugo.

Destacamos que a maior parte do alumnado ven a través de Convenios Bilaterais e se integran nos programas formativos do centro durante un semestre. Co obxectivo de integrar o máis rapidamente posible a este alumnado, os centros organizan xornadas de benvida.

Programas de Prácticas Externas

En canto a porcentaxe de estudantes egresados que ao longo dos seus estudos realizou prácticas en empresas e institucións (IN22G-PC-09), en xeral, vense incrementando nos últimos anos nos dous campus con pequenas variacións anuais.

En Santiago no curso 2015/2016 sufriu un pequeno retroceso (25,56%) no 2016-17 recuperouse lixeiramente (35,15%) e no 2017/18 volve a caer quedando no 26,09%. O número de alumnos que fixeron prácticas curriculares foron no 17/18 foron 31 curriculares y 33 extracurriculares, números lixeiramente superiores ao curso 2016-2017 (33 e 23 respectivamente). Entendemos que crecen as extracurriculares a costa das curriculares, sobre todo por que as empresas prefiren estas últimas xa que teñen unha maior carga horaria (150 horas máximo nas curriculares e 750 horas máximo nas extracurriculares).

En Lugo a porcentaxe de estudantes egresados que fixeron prácticas en empresas sufriu diferentes variacións ao longo dos diferentes cursos analizados ata situarse no curso 2017-18 no 52,63%, porcentaxe lixeiramente superior ó do curso anterior (49,06%). O número de alumnos que fixeron prácticas curriculares foi de 26 e extracurriculares 9, números lixeiramente inferiores ao curso 2016-17 (33 e 10 respectivamente). Nos centros leváronse a cabo iniciativas para mellorar a información sobre as posibilidades de facer prácticas na titulación. Nos dous campus véñense incrementando nos últimos cursos a oferta de prácticas en empresas, deuse publicidade ao programa entre o alumnado e permitiuse a posibilidade de facer prácticas extracurriculares. As empresas nas que o alumnado pode facer prácticas pertencen, maioritariamente, aos tecidos empresariais de Lugo e Santiago, incluíndo empresas de todos os ámbitos económicos e sectoriais (servizos, industria, administración pública, etc.).

A satisfacción media dos estudantes cos programas de prácticas no dous campus no curso 2017-18 foi de 4,58 lixeiramente superior a acadada no curso anterior (4,48) (INF. 6). No caso dos titores externos a satisfacción media foi de 3,94 lixeiramente inferior ao curso 2016-17 (4,06) (INF. 7). Finalmente, a satisfacción media dos titores académicos foi de 4 en Santiago, non existindo este dato para Lugo xa que os titores académicos de Lugo non recibiron esta enquisa porque non figuraban no seu POD a titorización de prácticas (INF.8).

Plan de Acción Titorial

En canto ao Plan de Acción Titorial, entre as accións recollidas nel cómpre salientar:

- Cursos de competencias informacionais e dixitais, impartidos polo Servizo de Biblioteca da Facultade de Santiago e pola Biblioteca Intercentros en Lugo.
- Cursos para a elaboración e presentación de traballos académicos, impartido polo Servizo de Normalización Lingüística.
- Mes do Emprego, dirixido a ofertar ao alumnado apoio e ferramentas que lle sexan de utilidade de cara ao seu futuro profesional (Santiago) e charlas de emprendemento (Lugo).
- Sesión de presentación dos Traballos de Fin de Grao, na que se lle explican as ferramentas das que dispón para desenvolver con éxito esta materia.
- Para facilitarlle ao alumnado que accede por primeira vez á universidade e as ensinanzas de grao, os centros organizan unha xornada de acollida e orientación. En dita xornada dáselle información relevante sobre a organización do centro, as organizacións de estudantes que os representan nos distintos órganos do Centro e da USC, ademais de explicarlles o funcionamento do centro, da biblioteca e os servizos que ten ao seu alcance. Reciben información precisa sobre a localización das distintas dependencias e dos contidos da web do centro e xeral da USC que están especificamente dirixidos a eles. A esta xornada de acollida común para os estudantes de novo acceso, súmase a presentación que o persoal da Biblioteca realiza deste servizo, dirixido ao alumnado do primeiro curso en sesións desenvolvidas no primeiro día de clase nos distintos grupos de alumnos existentes.
- O alumnado titor colabora na recollida de suxestións, información e opinións do alumnado de cara a coordinación dos diferentes cursos.

Por outra parte, entre as actividades deseñadas pola USC e desenvolvidas para a orientación do alumnado que valoramos de especial interese están:

- O [programa de Titores, pertencente ao programa A Ponte da USC](#), crea a figura de alumno/a-titor/a que é un estudante veterano que orienta e apoia ao novo alumnado. Unha avaliación positiva da dereito ao recoñecemento de 6 créditos optativos no expediente do alumnado. En relación a este aspecto, no campus de Lugo fíxose unha difusión do programa titores polas aulas. Enviouse un e-mail aos coordinadores de curso de 3º e 4º para que difundisen o programa Titores entre o alumnado. Este curso o resultado non foi satisfactorio xa que so se presentou un alumno que foi seleccionado. No Campus de Santiago a participación neste programa era insatisfactoria. Non obstante, tal e como se recomendaba no informe de acreditación, comunicouse a existencia de un plan de acción titorial nas xornadas de presentación ao alumnado e na guía do estudante faise mención ao programa.
- As accións desenvolvidas ao amparo do programa de Integración Universitaria, do Servizo de Participación e Integración Universitaria da USC (SEPIU) cuxo obxectivo é fomentar o respecto á diversidade e desenvolver políticas activas de incorporación e integración de estudantes con necesidades especiais.

Creemos que podemos contribuír a un maior e mellor grao de difusión entre todo o alumnado incorporando dita información na xornada de acollida e presentación. Dado que a participación nestes programas é minoritaria nestes momentos é importante que se mellore a súa difusión propoñendo unha Acción de Mellora neste sentido.

Tamén sería necesario actualizar e sistematizar o Plan de acción tutorial, en aspectos como as prácticas externas, as salidas profesionais, etc., proponendo unha Acción de Mellora.

Actividades extraacadémicas

Ademais das canles anteriormente expostas, a Facultade ofrece múltiples actividades, complementarias ás que oferta a USC, dirixidas a mellorar e incrementar as competencias do alumnado: conferencias, seminarios, actividades con asociacións de economistas e empresarios, acordos co Colexio de Economistas (que ten a súa sede na facultade de Santiago), concursos de pintura, etc.

A satisfacción do alumnado (INF 22) é, en xeral, moi positiva e similar ou lixeiramente superior a da media da USC en aspectos relacionados coa planificación e desenvolvemento das ensinanzas: información disponible, organización temporal, horarios, proporción entre as sesións teóricas e as prácticas, coordinación entre as materias. Únicamente o calendario de probas de avaliación está lixeiramente por debaixo da media da USC.

	Santiago	Lugo	Media Titulación	USC
A información dispoñible sobre o desenvolvemento do ensino e a avaliación da aprendizaxe	3,71	3,00	3,46	3,07
A organización temporal das materias do plan de estudos	2,82	2,78	2,81	2,52
Os horarios da titulación	3,35	3,11	3,27	2,74
O calendario de probas de avaliación	2,59	2,33	2,50	2,85
A proporción entre as sesións teóricas e as prácticas na titulación	3,12	3,00	3,08	2,77
O desenvolvemento das ensinanzas da titulación	3,06	2,89	3,00	2,91
A coordinación entre as materias do plan de estudos	3,18	2,89	3,08	2,51

Como conclusión final, por un lado cremos que non se teñen producido modificacións relevantes na demanda social de profesionais con formación en Administración e Dirección de Empresas e o tipo de competencias que o alumnado debe acadar ao rematar o título non varían das descritas na memoria do título.

Por último, consideramos que a participación das facultades en xeral e do grao en ADE en particular nos programas de mobilidade e prácticas amosa unha evolución positiva e satisfactoria, tanto en relación ao número de estudantes como á súa satisfacción cos programas. Non obstante, dada a importancia que o alumnado atribúe na súa formación ás prácticas externas e aos programas de mobilidade é necesario seguir facendo fincapé nos mesmos para tratar de incrementar as porcentaxes tanto de alumnos recibidos/enviados en programas de intercambio como os que realizan prácticas.

1.3.- O título conta con mecanismos de coordinación docente que permiten analizar se o desenvolvemento do plan de estudos posibilita a adquisición das competencias por parte dos estudantes e, no seu caso, se establecen as accións de mellora oportunas.

Aspectos a valorar:

- A coordinación horizontal e vertical entre as diferentes materias do plan de estudos evita baleiros e duplicidades.
- No caso de que o título se imparta en varios centros da Universidade ou sexa interuniversitario, analizarase o funcionamento dos mecanismos de coordinación entre todos os centros/Universidades que imparten o plan de estudos.
- No caso de que existan prácticas externas, valorarase se os mecanismos de coordinación permiten aos estudantes alcanzar as competencias asociadas a estas prácticas.

- No caso de que o título se imparta en varias modalidades (presencial, a distancia, semipresencial) valorarase a coordinación docente entre as modalidades, co fin de que os estudantes podan alcanzar as mesmas competencias con independencia da modalidade cursada.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

O título conta coas estruturas de coordinación verticais e horizontais nos diferentes niveis para garantir que a docencia se desenvolve segundo o previsto na MVT:

1.- Unha Comisión Intercentros de Grao en ADE (que se reúne para dar cumprida solución ás cuestións derivadas da implantación do título nos diferentes campus (“E5. Actas das reunións celebradas”).

2.- Un coordinador de título en cada un dos dous centros e coordinadores de curso. As funcións de coordinación recóllense no protocolo de coordinación aprobado por ambos centros e inclúen as seguintes actividades:

-Favorecer a coordinación entre as diferentes materias.

-Recoller suxestións en relación á titulación.

-Recadar as demandas de formación do profesorado nos aspectos relacionados coa correcta implantación do título.

-Participar na elaboración do Informe de Seguimento.

-Colaborar coa dirección do centro no desenvolvemento das actividades derivadas do Plan de Acción Titorial.

-Promover o bo funcionamento do Plan de Estudos.

-Xestionar a aula de coordinación do curso (de habela).

-Informar á Comisión de Calidade do Centro de todas as cuestións que deben valorar e que afecten ao seguimento dos estudos do Grao. Presentar propostas de mellora.

3.- Representantes do alumnado nas distintas comisións e na Xunta de Facultade.

4.- Alumnado – titores que serven ás veces de delegados do alumnado fronte aos coordinadores e ao equipo decanal, axudando a coñecer a opinión do alumnado sobre o curso, materias, incidencias, etc. A idea é empregar esta figura como un elemento de coordinación e comunicación directa co alumnado.

5.- Un coordinador de prácticas externas, de xeito que cada estudante estea asistido por un titor académico no centro e un titor externo na empresa onde desenvolve as prácticas.

6.- Un responsable académico de mobilidade para os diferentes programas de mobilidade (Erasmus+, Prácticas Erasmus+, SICUE, Convenios Bilaterais países extracomunitarios, Erasmus + International Credit Mobility (KA107)).

7.- Comisión de coordinación do TFG en Santiago e un coordinador de Traballo Fin de Grao en Lugo, que xestiona a aula virtual e mantén contacto permanente co alumnado matriculado na materia, informándoo das actividades formativas interesantes para desenvolver correctamente o TFG, da guía docente e regulamento do TFG, así como resolvendo calquera dúbida que poda xurdir, tanto aos titores como aos titorandos.

8.- Comisións que velan polo bo desenvolvemento do proceso de ensino-aprendizaxe. En Santiago existen as seguinte comisións: Comisión académica do Grao, Comisión Permanente, Comisión de Actividades Complementarias á Docencia, Comisión de Asuntos Económicos, Infraestructuras e Servizos, Comisión de Biblioteca, Comisión de Calidade, Comisión de Mobilidade, Comisión de Normalización Lingüística, Comisión de Validacións e Comisión de

Xénero. No Campus de Lugo existen as seguintes comisión: Comisión de Calidade e Docencia, Comisión de Asuntos Económicos e Infraestruturas, Comisión de Relacións Exteriores e Comisión de Xénero. En cada unha delas acórdase un calendario de reunións cunha orde do día establecida previamente na convocatoria e sobre a que se debate e toman acordos que se reflicten nas diferentes actas da comisión correspondente “E5. Actas das reunións celebradas”). O obxectivo é que o debate sirva para identificar debilidades, propor solucións, implementar innovación e contribuír ao bo desenvolvemento e continuidade do título en cada curso. En Lugo modificouse a finais do curso 2017-18 o Regulamento de Réxime Interno que afectou ás distintas comisión.

9.- Tamén en Santiago funciona o Grupo de Innovación Docente para a coordinación dos graos de Economía e ADE para mellorar os procesos de coordinación.

Como en anos anteriores, puxéronse en marcha os mecanismos dispostos para mellorar a coordinación docente. Leváronse a cabo as reunións por curso, as da Comisión do Grao e as da Comisión do TFG. Asemade, seguíronse empregando as aulas de coordinación de curso e de grao como ferramenta de comunicación e coordinación.

Nesta labor de coordinación tamén se segue a desenrolar o protocolo de coordinación. En Santiago elaborouse o “Informe coordinación Grao en ADE: Curso 2017/2018”, no que se resumen principais accións da coordinación, se recolle o contido do protocolo de coordinación e as accións desenroladas de coordinación vertical. Por outra banda recóllense os informes de coordinación de cada curso e o do TFG e as principais conclusións. Este informe foi aprobado na Comisión de Coordinación do Grao en ADE e está colgado na aula de coordinación de grao. En aplicación do protocolo de coordinación, en Lugo tamén se elaboraron os informes de coordinación de curso 2017-2018, de TFG e de grao. Estes informes están colgados na Aula de Coordinación de Coordinadores e foron debatidos na Comisión de Título.

Esperamos mellorar con isto notablemente a coordinación tanto horizontal como vertical. De feito, os resultados de satisfacción coa coordinación son óptimos nos dous campus. A pesar disto sería convinte revisar o protocolo e as enquisas de coordinación para mellorar ditas tarefas, plantexando unha acción de mellora neste sentido.

En Santiago na enquisa de satisfacción do profesorado coa docencia impartida (INF 14), o profesorado valoran nun 3,88 a coordinación entre as distintas materias e/ou niveis do título e nun 4,49 a coordinación entre os/as distintos profesores/as da materia (taxa de participación: 32,98%). Isto último é valorado polo alumnado cun 3,58 (taxa de participación: 26,79%).

En Lugo, o profesorado valoran nun 3,74 a coordinación entre as materias do título e nun 4,47 a coordinación entre o distintos profesorado da materia (taxa de participación: 52,63%), que á súa vez é valorado polo alumnado cun 3,23 (taxa de participación: 52,1%).

Por último, en relación ás prácticas externas, os indicadores (INF 06) que nos permiten coñecer se se está a facer ben este traballo de coordinación son, sen dúbida, as enquisas de satisfacción. Os resultados destas enquisas amosan niveis altos de satisfacción por parte do alumnado en relación ao seu titor na empresa (4,50 en Santiago e 4,36 en Lugo), ao seu titor académico (3,80 en Santiago e 4,21 en Lugo) e respecto á satisfacción xeral (4,80 Santiago e 4,43 Lugo).

Tamén os titores externos (3,75 Santiago e 4,31 Lugo) e académicos (4,50 para Santiago e en Lugo non hai datos) amosan un nivel elevado de satisfacción en relación á coordinación entre as empresas e o centro. Polo tanto, consideramos que os mecanismos de coordinación existentes entre os centros e as empresas permiten ao alumnado acadar as competencias asociadas ás prácticas.

1.4. Os criterios de admisión aplicados permiten que os estudantes admitidos teñan o perfil de ingreso adecuado para iniciar estes estudos.

Aspectos a valorar:

- Coherencia entre o perfil de ingreso establecido na memoria verificada e o perfil real do estudantado matriculado no título.

- No seu caso, os complementos de formación compren a súa función en canto á nivelación e adquisición de competencias e coñecementos por parte dos estudantes que os cursen.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

Antes de avaliar o perfil de ingreso, cabe indicar que nin este nin os criterios de admisión se modificaron respecto aos que figuran na Memoria orixinal do Título.

As vías de acceso ao grao contempladas na memoria do Grao en Administración e Dirección de Empresas son:

- Estar en posesión do título de bacharelato ou equivalente e a superación da proba a que se refire o artigo 42 da Lei Orgánica de Universidades (LOU) e o artigo 38 da Lei Orgánica 2/2006, de Educación, sen prexuízo dos demais mecanismos de acceso establecidos pola normativa vixente.
- Validación de estudos cursados no estranxeiro.
- Acceso de maiores de 40 anos mediante a validación da experiencia profesional. Realizarase tendo en conta os perfís profesionais idóneos e a entrevista de carácter persoal. Perfís idóneos: o nivel de cualificación profesional esixido ao solicitante será o correspondente ás cualificacións profesionais de nivel 2/3 establecidas nas familias profesionais “Administración e Xestión” e “Comercio e Marketing” do Catálogo Nacional de Cualificaciones Profesionales (CNCP), elaborado polo Instituto Nacional de las Cualificaciones (INCUAL).

Na Memoria do título tense en conta que na Orde do 25 de novembro de 1999 (BOE 39/11/1999) queda establecida a preferencia para iniciar estudos de Administración e Dirección de Empresas para aqueles alumnos que superaron as probas de acceso coas vías de acceso do Bacharelato LOXSE número 1 (Científico-Tecnolóxica), 2 (Ciencias da Saúde) e 4 (Ciencias Sociais). Estas vías de acceso poden indicar xa un certo perfil.

O grao en ADE non presenta criterios de acceso distintos dos derivados da limitación de praza de novo ingreso e os establecidos pola lexislación vixente para os estudos de grao. Os criterios de admisión son os comúns a maioría dos graos en ADE que se imparten noutras universidades e veñen establecidos, por tanto, pola lexislación.

En canto aos “Parámetros de ponderación das materias da Fase Específica da PAU para o acceso ás ensinanzas universitarias oficiais de grao do Sistema Universitario de Galicia” o parámetro de ponderación das materias Economía, Economía da Empresa, Matemáticas II e Matemáticas Aplicadas ás Ciencias Sociais correspondentes a todos os Graos en ADE impartida en Galicia foi de 0,2, a máxima posible. Por outra parte a pesar de que o alumnado pode presentar carencias en determinadas materias consideramos que aquelas materias con maior ponderación son aquelas nas que os nosos estudantes necesitan maior formación.

Agora ben, na Memoria especificábase que sería desexable que no futuro o estudante do Grao en Administración e Dirección de Empresas posuise as seguintes características persoais e académicas:

- Interese pola realidade económica e as súas implicacións para o mundo da empresa.
- Compromiso social.
- Capacidade analítica.
- Capacidade de adaptación a unha contorna cambiante e competitiva.
- Competencias lingüísticas en castelán e galego.
- Emprego de ferramentas informáticas básicas.

Estas características recollidas na memoria son recomendacións, é dicir, consideramos que a súa utilidade reside en informar ao alumnado daquelas características que, de posuílas, seríanlle beneficiosas para alcanzar as competencias requiridas posteriormente no grao.

O perfil de ingreso e os criterios de admisión non se modificaron respecto aos que figuran na Memoria do Título. En Santiago se produciu un cambio en relación á MVT (memoria de verificación do título) relacionado coa oferta de prazas de novo ingreso recollida no apartado 1.4 que era de 300 alumnos para os catro primeiros cursos. Esta oferta só se cumpriu no ano 2009-2010 rebaixándose, a proposta da Xunta de Centro, a 250 no curso 2010-11 e a 200 nos cursos 2011-12, 2012-13, 2013-14, 2014-15, 2015-16, 2016/17 e 2017/18. A pesar da alta demanda dos estudos de ADE os motivos da diminución de prazas ofertadas teñen que ver cos problemas de capacidade docente do centro e cun número de alumnos por grupo (tanto expositivo como interactivo) moi elevado. A este respecto, o Informe Provisional de Seguimento 2014-2015 elaborado pola ACSUG recomenda "actualizar en la memoria del título, cuando se tenga que realizar una modificación sustancial, el número de plazas ofertadas en Santiago (200) como se acordó en Junta de Centro, no 300 como consta en memoria". Na próxima modificación substancial da memoria introducirase esta modificación.

En Lugo, solicitouse a Consellería de cultura, educación e ordenación universitaria unha redución no número de prazas ofertadas tendo en conta que non se cubrían na súa totalidade. Para o curso 2017-18 a Consellería autorizou a ofertar 90 prazas en lugar das 119 do curso anterior.

Perfil de ingreso real

Recollemos na seguinte táboa os indicadores que, xunto con outros informes achegados pola Área de Calidade e Mellora dos Procedementos da USC, imos empregar para a análise do perfil real de ingreso.

Código	Nome	Campus	2012-13	2013-14	2014-15	2015-16	2016-17	2017-18
IN01G-PC-05	Prazas ofertadas	Santiago	200	200	200	200	200	200
		Lugo	125	125	125	125	119	90
IN02G-PC-05	Matrícula	Santiago	1062	1123	1155	1129	1092	1028
		Lugo	367	385	367	376	344	334
IN03G-PC-05	Matrícula de acceso	Santiago	271	231	236	231	216	217
		Lugo	135	97	61	92	67	81
IN04G-PC-05	Matrícula de novo ingreso por preinscrición	Santiago	207	210	212	208	198	210
		Lugo	91	75	55	83	67	77
IN05G-PC-05	Variación da matrícula de novo ingreso por preinscrición	Santiago	0,98	1,45	0,95	-1,89	-4,81	6,06
		Lugo	-18,75	-18,48	-26,67	50,91	-19,28	14,93
IN06G-PC-05	Nota media de acceso por preinscrición	Santiago	7,93	7,84	7,93	7,95	8,19	8,55
		Lugo	6,68	7,3	6,81	6,93	6,88	6,90
IN07G-PC-05	Porcentaxe de estudantes que acceden á titulación con puntuación igual ou superior a seis	Santiago	99,50	91,90	100,00	98,48	100,00	100,00
		Lugo	62,22	77,03	62,96	64,10	63,64	65,75
IN08G-PC-05	Porcentaxe de estudantes estranxeiros sobre matriculados	Santiago	1,69	1,60	1,30	1,15	1,47	1,95
		Lugo	0,54	0,52	1,09	1,60	1,74	2,99
IN09G-PC-05	Porcentaxe de estudantes nacionais de fóra de Galicia sobre matriculados	Santiago	1,13	0,80	0,95	1,06	1,28	1,26
		Lugo	3,27	3,64	3,54	4,26	3,78	3,89
IN10G-PC-05	Relación de estudantes preinscritos en 1ª opción matriculados por 1ª vez sobre as prazas ofertadas	Santiago	85,50	87,00	88,00	87,00	79,00	75,50
		Lugo	56,00	53,60	34,40	59,20	44,54	47,79
IN12G-PC-05	Taxa de ocupación do título	Santiago	103,50	105,00	106,00	104,00	99,00	105,00
		Lugo	72,8	60	44	66,40	56,30	68,14
IN17G-PC-08	Porcentaxe de estudantes enviados pola USC a programas de mobilidade sobre o total de matriculados	Santiago	4,24	4,36	4,59	2,39	2,93	4,09
		Lugo	2,18	2,08	1,36	2,66	1,74	1,50

N18G-PC-08	Porcentaxe de estudantes recibidos pola USC de programas de mobilidade sobre o total de matriculados	Santiago	6,03	8,46	6,49	7,35	7,51	5,74
		Lugo	1,91	9,09	7,63	9,31	8,43	11,38

O perfil de ingreso do grao en ADE nos dous campus onde se imparte a titulación difire notablemente, polo que consideramos necesario facer unha análise pormenorizada do que sucede en cada centro, mantendo a análise conxunta só naqueles aspectos que entendemos son similares en ambos centros.

En **Santiago**, para situar estas cifras no seu contexto hai que dicir que no total dos cursos do grao en ADE vense producindo un incremento importante no número de alumnos matriculados (IN02G-PC-05) pasando de 336 (2009-10) a 638 (2010-11) a 883 (2011-12) a 1.062 (2012-13) a 1123 (2013-14) e a 1155 (2014-15), sufrindo un pequeno descenso durante o curso 2015-16 (1129), 2016-17 (1092) e no 2017/18 1.028. Sinalar que a pesar da limitación das prazas ofertadas (IN01G-PC-05) a 200 alumnos nos últimos anos, os alumnos matriculados de novo ingreso por preinscrición (IN04G-PC-05) no último ano foron de 210, mentres que no ano anterior foran 198, cubrindo todas as prazas na convocatoria de xullo dada a gran demanda do mesmo.

No relativo á preferencia pola titulación, o 75,50% dos matriculados por primeira vez preinscribíranse en ADE en 1ª opción (IN10G-PC-05), producíndose un descenso respecto ao 79% do curso anterior.

O 100% dos estudantes acceden á titulación con puntuación igual ou superior a seis (IN07G-PC-05). Sinalar que, non obstante, a nota media de acceso (IN06G-PC-05) nos últimos curso foise incrementado (6,19; 7,39; 7,72; 7,93; 7,84, 7,93, 7,95, 8,19 e 8,55).

Segundo a pauta do anterior curso académico, a maioría dos estudantes acceden vía PAAU (166), seguido da Formación Profesional (20). O resto son continuación de estudos (traslado) (15) e validación parcial de estudos estranxeiros (2). Segundo a CiUG, a maioría do alumnado que accede pola cota xeral ao Grao en ADE proceden de Bacharelato (88%) e o resto de Formación Profesional (12%). A nota de acceso do alumnado que proceden de Bacharelato foi de 8,66 e de Formación Profesional de 7,70 (datos CiUG).

Sinalar que segundo o informe “Datos y Cifras del Sistema Universitario Español. Curso 2015-16”, as notas de admisión no curso 2014-2015 para Administración e Xestión de Empresas situouse en 7,94 (PAU) y 7,27 (FP). Os datos do noso grao son similares (incluso algo superiores) á media nacional. Este informe sinala que mentres que esta nota de acceso non incide nos créditos que se matriculan, sen embargo si que é determinante nos créditos presentados e que aproban, e o mesmo ocorre na taxa de rendemento.

Se seguimos a mesma liña de análise para o título de ADE en **Lugo**, o número de prazas ofertadas anualmente ascende a 90 (redución en 20 prazas autorizado pola Consellería de cultura, educación e ordenación universitaria), producíndose unha lixeira diminución na matrícula conxunta de todo o grao en relación ao curso anterior, situándose no curso 2018-19 en 334 alumnos, a pesar de que aumentou a matrícula de acceso ao grao (que pasa de 67 estudantes no curso 2016-17 a 81 no 2017-18) e da matrícula de novo ingreso por preinscrición (que pasa de 67 a 77 estudantes no 2017-18).

Tendo en conta a nova contorna socio-económica, consideramos que o número de prazas que se deben ofertar tendo en conta os recursos cos que conta a Facultade e a demanda existente, é de 90 prazas, por iso solicitouse no curso anterior á a Consellersía de cultura, educación e ordenación universitaria a súa redución. En base a esta demanda real estimada, é que consideramos que o título en Lugo segue a ser unha titulación altamente demandada. De todos xeitos, a facultade segue a facer esforzos para manter esa demanda a través de diferentes accións (video promocional, actualización da páxina web, visitas a centros de ensino secundarios, visitas dos centros de ensino secundario á facultade, incorporación ao programa “Para estudar, Lugo”, participación no campus de verán Xuven-Ciencia da USC, etc.).

En canto ao perfil do alumnado vemos que a nota de acceso ao grao de ADE no campus de Lugo foi de 6,90, algo superior á do curso anterior (6,88). Consecuentemente, sube lixeiramente a porcentaxe de alumnado que accede á

titulación con puntuación igual ou superior a seis (65,75% fronte ao 63,64%). Tamén sube lixeiramente a relación de estudantes preinscritos en primeira opción matriculados por primeira vez sobre as prazas ofertadas (47,79% fronte ao 44,54%), cubríndose o 68,14% das prazas ofertadas entre xullo e setembro. Segundo datos da CIUG, dos 82 alumnos matriculados, 75 procedían de bacharelato e 7 de formación profesional, cunha nota media de acceso de 6,845 e 7,043 Ademais, 59 dos 82 estudantes escolleron o grao en ADE como primeira opción (71,1%).

En canto á procedencia xeográfica dos nosos alumnado no campus de **Santiago**, a maioría son da CCAA galega (1.015) [INF.16]. A porcentaxe de estudantes nacionais de fóra de Galicia (IN09G-PC-05) sobre matriculados sitúase no 1,26% e a porcentaxe de alumnado estranxeiro (IN08G-PC-05) é baixa, situándose no curso 2017-18 no 1,95%. Ambas porcentaxes aumentan lixeiramente no último curso.

Respecto ao grao en **Lugo**, a maioría do alumnado procede da cidade de Lugo (140) e do resto da provincia (114), aínda que tamén temos alumnado do resto das provincias galegas: A Coruña (42), Pontevedra (16) e Ourense (4). A atracción que amosa o noso título e o noso campus cara estudantes de fóra de Galicia mantense constante, tendo aí unha masa crítica importante por explotar: Asturias (5), Canarias (1), Castela e León (7) e Estremadura (1). No curso pasado, a porcentaxe de estudantes nacionais de fóra de Galicia (IN09G-PC-05) sobre matriculados foi do 3,89%. Os datos tamén reflexan que a porcentaxe de estudantes estranxeiros incrementouse significativamente respecto ao curso anterior (2,99% fronte a 1,74 %). Isto débese fundamentalmente á chegada de alumnado mexicano a través dos convenios bilaterais.

O que sucede no noso título en ambos campus concorda co informe “Datos y Cifras del Sistema Universitario Español. Curso 2015-16”, no que se recolle unha mobilidade moi baixa no acceso ao Sistema Universitario en España. Na medida en que hai unha alta dispersión de universidades e centros por todo o territorio nacional, a porcentaxe de estudantes que se matriculan nunha universidade situada na mesma comunidade autónoma na que se realizan as probas de acceso é moi alta (67,97% no caso de Galicia). A mobilidade interna dos estudantes universitarios aptos na fase xeral das PAAU en Galicia foi do 4,89% (Curso 2014-2015).

En relación á mobilidade do alumnado, en **Santiago** a porcentaxe de estudantes enviados pola USC a programas de mobilidade sobre o total de matriculados (IN17G-PC-08) viña medrando nos últimos anos, se ben no curso 2015-2016 sufriu un retroceso (2,39%) e medrou lixeiramente no 2016-17 (2,93%) e de forma importante no 2017/18 (4,09%).

Desde a facultade estase a facer un esforzo importante para dinamizar este tipo de programas. Por iso, seguimos facendo unha presentación dos programas ao alumnado na que contamos coa presenza do Servizo de Relacións Exteriores da Universidade.

Por outra parte a porcentaxe de estudantes recibidos pola USC de programas de mobilidade sobre o total de matriculados (IN18G-PC-08) tamén medrou nos últimos anos, pasando do 3,96% no curso 2011-12, ao 6,03% no curso 2012-13, ao 8,46 no curso 2013-14 e ao 6,49 no curso 2014-15, volvendo a recuperarse no 2015-16 (7,35%) e no 2016-17 (7,51%), diminuíndo de novo (5,74%) no último curso 2017-18.

No último curso, en Santiago a mobilidade entrante foi de un total de 95 alumnos, con un incremento importante respecto aos 82 alumnos do curso 2016/17, 70 mediante convenios bilaterais, 24 Erasmus e 1 SICUE (INF 03).

En **Lugo**, a porcentaxe de estudantes enviados pola USC a programas de mobilidade sobre o total de matriculados sufriu un descenso no curso 2017-18, situándose no 1,50%. No grao en ADE a mobilidade saínte afectou a 6 persoas: 5 Erasmus + (2 Bélxica, 2 Polonia e 1 Portugal) e 1 SICUE (Málaga). Desde a facultade seguimos a facer un esforzo importante para dinamizar este tipo de programas, xa que algúns dos convenios firmados con outras universidades quedan sen cubrir. Por iso, seguimos facendo unha presentación dos programas ao alumnado e contamos con alumnado-titor para tratar de dinamizar tamén estes programas. Asemade, incentivouse a participación do alumnado nas diferentes actividades organizadas polo Campus Terra.

Por outra parte a porcentaxe de estudantes recibidos pola USC de programas de mobilidade sobre o total de matriculados aumentou lixeiramente en relación ao curso anterior (11,38% fronte ao 8,43%). Recibimos a un total de 41 alumnos de convenios firmados con outras universidades de diferentes países: México (34), Colombia (4) e Brasil (1) e 2 a través do programa Erasmus +, procedentes de Francia. Tendo en conta o tamaño da nosa facultade, consideramos que o número de estudantes recibidos alcanza niveles moi satisfactorios, estando plenamente

integrados nas actividades da facultade e na vida universitaria do campus.

A análise realizada dos datos dispoñibles sobre o perfil de ingreso conduce ás seguintes conclusións. O Grao en ADE da USC segue a ser unha titulación con demanda e a matrícula en primeira opción mantense en taxas moi elevadas, e amosa o crecente interese polos coñecementos que nela se imparten. A estimación de 125 alumnos que se fixo no seu día para a Facultade de ADE de Lugo non está axustada á nova contorna socio-económica. Polo que para adaptala á demanda real estimada, tras varias análises e reflexións, reduciuse a 90 prazas, previa aprobación pola Consellería de cultura, educación e ordenación universitaria. En base a esta demanda real estimada, é que consideramos que o título en Lugo segue a ser unha titulación altamente demandada.

O alumnado accede ao noso grao principalmente a través das PAAU e procede maioritariamente de Galicia, sendo a mobilidade baixa. Este feito concorda coa etapa de crise económica e de contracción das axudas que se está a vivir en España e coa mobilidade que se percibe no Sistema Universitario Español.

En canto ao perfil de acceso propiamente dito, as diferenzas entre Santiago e Lugo fanse notar. Namentres en Santiago a totalidade do alumnado accede cunha nota superior a 6, en Lugo só un 65,75% contan con esta nota. Asemade, a nota media de acceso ao grao dos estudantes é bastante superior en Santiago (8,55) que en Lugo (6,90). Neste senso, sobre todo o centro de Lugo, fixo un esforzo importante dando a coñecer o grao nos institutos da provincia para mellorar estes ratios, algo que se conseguiu sobre todo no acceso como primeira opción.

Unha vez analizados conxuntamente todos os datos cos que contamos, consideramos que o perfil de ingreso real do noso alumnado cumpre cos requisitos desexables previstos na MVT, sobre todo no que se refire ás características persoais e académicas dos mesmos. Entendemos que, aínda que o perfil do alumnado que decide cursar o noso grao non é algo que os centros podan controlar, si podemos dicir que o perfil de ingreso se aproxima bastante ao desexable para unha titulación coma a nosa. Algo que se pode mellorar é o descoñecemento que ten o alumnado sobre este perfil desexable recollido na MVT, polo que se pode incidir sobre este aspecto nas visitas que se realicen aos centros de bacharelato e de Formación Profesional, explicando que a posesión de certas características persoais e profesionais seríanlle beneficiosas para alcanzar as competencias requiridas posteriormente no grao en ADE. Ademais, xa se leva a cabo unha boa práctica coa participación no campus XovenCienca orientado a alumnado de secundaria, para tratar de crear perfís máis vinculados ao ámbito da empresa.

1.5.- A aplicación das diferentes normativas contribúe á eficiencia nos resultados do título.

Aspectos a valorar:

- A aplicación das distintas normativas (normativa de permanencia, os sistemas de transferencia e recoñecemento de créditos, así como outras relacionadas coa avaliación, traballos fin de grao/máster, prácticas externas, ...) desenvólvense segundo o establecido nelas, tendo en conta as competencias previamente adquiridas polo estudante e as competencias a adquirir no título. Impacto delas nos resultados.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

Durante o proceso de implantación do título fóronse desenvolvendo e incorporando un conxunto de normas de aplicación xeral e específica ás diferentes titulacións da USC, que están a disposición do alumnado nas páxinas web dos dous centros ([Lugo](#), [Santiago](#)): Regulamento de Réxime interno, Regulamento de TFG, Normativa de dispensa de asistencia a clase, Normativa de transferencia e recoñecementos de créditos...

A normativa sobre permanencia nas titulacións de grao e máster establece o número mínimo e máximo de ECTS de matrícula tempo completo e parcial, así como certas esixencias que o alumnado debe cumprir para matricularse de cursos superiores, ordenando así o seu proceso de aprendizaxe.

A normativa sobre os sistemas de transferencia e recoñecemento de créditos foi aprobada no ano 2008 e sufriu algunha adaptación e modificación ao longo destes anos. En cumprimento desta normativa, os centros foron aprobando diferentes táboas de recoñecementos de estudos universitarios e de FP de grao superior para o Grao en

ADE ([Lugo](#), [Santiago](#)).

http://www.usc.es/export9/sites/webinstitucional/gl/centros/ecoadc/descargas/plans/reconocementos_para_graos.pdf

En definitiva, consideramos que a normativa que afecta ao Grao en ADE estase aplicando segundo o establecido nela e está permitindo que o Grao se desenvolva de xeito correcto.

DIMENSIÓN 1. A XESTIÓN DO TÍTULO

CRITERIO 2. INFORMACIÓN E TRANSPARENCIA:

Estándar: A institución dispón de mecanismos para comunicar de maneira adecuada a todos os grupos de interese as características do programa e dos procesos que garanten a súa calidade.

Analizar e valorar se a información relevante sobre o título é pública e está dispoñible, en tempo e forma, para todos os axentes implicados nel (estudantes, empregadores, administracións educativas e outros grupos de interese).

2.1.- A institución publica, para todos os grupos de interese, información obxectiva, suficiente e actualizada sobre as características do título e sobre os procesos que garanten a súa calidade.

Aspectos a valorar:

- Publícase información suficiente e relevante sobre as características do programa formativo, o seu desenvolvemento e os resultados alcanzados.
- A información sobre o título é obxectiva, está actualizada e é coherente co contido da memoria verificada do título e as súas posteriores modificacións.
- Garántese un fácil acceso á información relevante do título a todos os grupos de interese.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

O procedemento de información pública implementado dentro do SGIC (PS-06 Información pública) ten como obxectivo establecer o sistema para facer pública a información relevante das titulacións impartidas no centro, así como o modo no que se realiza a súa revisión periódica e actualización con fin de manter informados aos seus grupos de interese. Alcanza á totalidade de información publicada sobre cada unha das titulacións oficiais impartidas nos centros.

Trátase, asemade de garantir a transparencia, de facilitar información aos grupos de interese nos procesos de toma de decisións, en particular aos estudantes e profesorado implicados no proceso de ensino-aprendizaxe. Deste xeito, cómprese a función de render contas á sociedade sobre a evolución pasada, actual e previsible do título.

Na web do centro/título publícase información actualizada e axeitada sobre o desenvolvemento do título e o seu plan de estudos (programas, horarios, calendarios de exames, prácticas, mobilidade, etc.), sendo accesible a todos os grupos de interese, internos e externos. Os cambios sobrevidos xunto con calquera outra información de interese, resáltanse nas dúas webs dos centros onde se imparte o grao en ADE no apartado de "Novidades".

Froito das reflexións do seguimento do título realizadas nos cursos pasados, ambas facultades levaron a cabo pequenos cambios que consideramos melloraron este aspecto en concreto que estamos avaliando:

- Mellora na organización e accesibilidade da información de interese específico para o alumnado: desde o curso 2012-13 o alumnado ten accesible toda a información relevante a través do enlace á titulación que cursa, o que lle facilita enormemente o acceso á información académica relevante como alumno ([Santiago](#), [Lugo](#)).

- Tanto en Santiago como en Lugo cambiouse o deseño da páxina para facela mais accesible ao alumnado e outros grupos de interese. Toda información relevante para o alumnado aparece no apartado “Información Académica”: horarios, calendario de exames, TFG, prácticas en empresas...
- Ademais, tanto en Santiago como en Lugo hai unha pantalla para transmitir a información pública no centro. Nas sesións de acollida ao alumnado de primeiro infórmase das fontes de información dispoñibles; realízanse sesións de presentación do Traballo Fin de Grao, dos programas de mobilidade, dos posgraos que se imparten nos centros. Santiago tamén conta cun blog para comunicar as actividades extraacadémicas.
- Como xa sinalamos no criterio 1 comunicouse a existencia dun plan de acción tutorial e fixéronse esforzos para dar a coñecer o programa de titores en Santiago. Asimesmo como vimos no criterio 1 leváronse a cabo iniciativas para mellorar a información sobre as posibilidades de facer prácticas na titulación.
- A comisión de Calidade en Santiago e Lugo acordaron publicar os seus principais acordos.
- Unha maneira de valorar se se está a conseguir este obxectivo de información pública e transparencia é o da satisfacción do alumnado e dos egresados. En canto aos egresados a satisfacción dos mesmos coa información pública dispoñible, producíndose unha evolución positiva neste eido.

Código	Nome	Campus	2013-14	2014-15	2015-16	2016-17	2017-18
IN23G-PC-12	Satisfacción dos egresados coa información pública dispoñible	Santiago	2,80	3,25	3,18	3,16	3,21
		Lugo	-	3,15	3,33	3,35	3,63

Afondando na información recollida na enquisa de satisfacción de egresados/as (INF. 09), o apartado de satisfacción coa información, xestión académica e páxina web acadou valores superiores á media da USC nos dous centros na maioría dos indicadores analizados.

	Curso 17/18			
	Media Santiago	Media Lugo	Media titulación	USC
Oficina de Información Universitaria	3,23	3,79	3,44	3,27
Unidade de Xestión Académica	3,52	4,00	3,70	3,38
Páxina web da Universidade de Santiago de Compostela	3,61	3,86	3,70	3,41
Información na propia Facultade/Escola ou Título (web propia, presentacións,...)	3,26	3,71	3,43	3,27
Outros (Folletos informativos, anuncios en prensa, publicidade en xeral,..)	2,41	2,79	2,56	2,58
Valora a información e apoio recibidos nas actividades de acollida e presentación realizadas polo centro/título	2,64	3,50	2,97	3,00
Atención recibida no decanato do centro cando tivo que presentar algunha reclamación	2,75	1,67	2,29	2,74

En canto a satisfacción do alumnado, (INF 22), a información e orientación recibida na titulación obtén valoración por encima da media da USC (3,04 e 2,89 respectivamente), destacar o gran esforzo que se realiza no centro neste sentido co programa Empréga-T. A orientación profesional e laboral e a atención ao alumnado con necesidades especiais presentan valores por encima da media da USC. En canto a a información dispoñible sobre o desenvolvemento do ensino e a avaliación da aprendizaxe obtén unha valoración (3,46) superior a media da USC (3,07), o mesmo que información pública dispoñible sobre a titulación (3,31 superior

a media da USC 3,11).

	Santiago	Lugo	Titulación	USC
A información e orientación recibida na titulación	3,12	2,89	3,04	2,70
A orientación profesional e laboral	2,47	2,67	2,54	2,35
A atención ao alumnado con necesidades especiais	3,13	3,33	3,20	2,76
A información dispoñible sobre o desenvolvemento do ensino e a avaliación da aprendizaxe	3,71	3,00	3,46	3,07
A información pública dispoñible sobre a titulación	3,53	2,88	3,31	3,11

Neste sentido, unha das liñas estratéxicas que rexen as accións de mellora do grao en ADE é a mellora da comunicación do mesmo. O obxectivo xeral desta liña de actuación é dar unha maior difusión ao Grao en ADE e mellorar as políticas de comunicación dos centros, tanto cara dentro como de cara ao exterior.

En xeral, consideramos que cumprimos con todos os requirimentos da ACSUG en materia de información pública, xa que consideramos que a información relevante sobre o título está dispoñible para os axentes interesados na mesma. A pesar disto, plantexamos unha acción de mellora (AM) tratando de completar os contidos da web e a accesibilidade da información. Tamén consideramos importante darlle unha maior visibilidade aos usuarios do sistema de xestión de calidade do centro. Agora ben, inda que o propio centro trate mellorar a información pública dispoñible, unha parte importante da web é responsabilidade da propia Universidade.

DIMENSIÓN 1. A XESTIÓN DO TÍTULO

CRITERIO 3. SISTEMA DE GARANTÍA DE CALIDADE:

Estándar: A institución dispón dun sistema interno de garantía da calidade formalmente establecido e implementado que asegura, de forma eficaz, a mellora continua da titulación.

Analizar a implantación do Sistema de Garantía de Calidade (SGC) e valorar a súa contribución á mellora continua do título.

3.1.- O SGC posúe os mecanismos necesarios para recoller a información precisa, analizala, detectar debilidades e propoñer accións de mellora, realizando o seu seguimento.

Aspectos a valorar:

- Os procedementos que permiten recoller a información de forma continua, analizar os resultados e empregalos para a toma de decisións e a mellora da calidade do título, desenvolvéronse de acordo ao establecido.
- No caso dos títulos interuniversitarios ou dos títulos que se imparten en varios centros da Universidade, as accións levadas a cabo como consecuencia da implantación do SGC están coordinadas en todos os centros participantes no programa formativo.
- Os procedementos de avaliación e mellora da calidade da ensinanza e o profesorado desenvolveuse de acordo ao establecido.
- O procedemento de suxestións e reclamacións desenvolveuse de acordo ao establecido.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

Tendo en conta as boas prácticas levadas a cabo nas Facultades de Santiago e Lugo, consideramos que se está a facer unha boa implantación do recollido nos SGICs dos centros aprobados en maio de 2011.

O SGIC dispón de procedementos e mecanismos que lle permiten recoller e analizar de xeito continuo a información e os resultados relevantes, especialmente no que respecta aos resultados da aprendizaxe e ao grao de satisfacción dos distintos grupos de interese que permiten a xestión eficaz e eficiente do título. Con referencia aos mecanismos de consulta, o SGIC conta cun procedemento específico para recoller a satisfacción dos diferentes colectivos, se ben a súa implementación faise a nivel institucional. Periodicamente revísanse, deséñanse e/ou actualízanse os ítems das enquisas de satisfacción aos diversos grupos de interese. A USC aplica periodicamente as enquisas segundo a planificación de cada curso académico (enquisas a alumnado, enquisas a profesorado, enquisas a PAS, enquisas a egresados, enquisas a empresas que reciben alumnado en prácticas, etc.). As respostas a estas enquisas e o resto de indicadores que elabora a Área de Calidade e Mellora dos Procedementos da USC son empregados pola Comisión de título, pola comisión de calidade (calidade e docencia en Lugo) e pola comisión intercentros para a revisión e mellora do programa formativo.

Á hora de recoller información e analizar os resultados séguese o manual de procedementos, actuando os coordinadores de curso, a/o coordinador de grao e as distintas comisións implicadas, de modo especial a comisión de título en cada unha das facultades, a comisión intercentros de Grao en ADE e as comisións de calidade dos centros. Pódese observar este seguimento a través das evidencias das actas de reunións e distintos informes elaborados onde quedan recollidas as distintas debilidades e ameazas atopadas á hora da implantación e seguimento do título, así como as propostas de accións de mellora levadas a cabo.

Ademáis, nas dúas sedes creouse un Comité Consultivo que está formado formado por representantes dos grupos de interese externos ás Facultade e e teñen a finalidade de aconsellar ao equipo de dirección sobre

actividades profesionais, de negocio ou interese social que afecten aos Centros e faciliten o seu desenvolvemento futuro e a súa proxección social. Estes comités Reúnen-se ao menos unha vez o ano.

De modo especial, as comisións dos títulos de Grao en ADE en Santiago e Lugo, e as Comisións de Calidade dos Centros, da que forman parte os coordinadores de todos os títulos impartidos nas Facultades e o responsable de calidade do centro para os efectos de adaptación da composición das comisión ó Regulamento das titulacións oficiais de grao e mestrado na USC, fan reunións periódicas co obxectivo de coordinar e planificar a docencia acorde coas directrices das memorias dos títulos. Tamén se levan a cabo reunións de coordinación por curso a través dos distintos coordinadores que fan chegar as súas suxestións e inquietudes a/o coordinador de grao. En aras a mellorar a coordinación vertical e horizontal, os centros contan con un protocolo de Coordinación no que se detallan as funcións de coordinación e o calendario a seguir para os dous centros onde se imparte o título.

Por outra banda a revisión do cumprimento do SGC en relación aos programas de mobilidade é supervisada polos responsables de calidade dos centros.

En canto ao procedemento asociado á medición da calidade do programa de prácticas externas, os centros dispoñen dun espazo web reservado a estes temas onde se inclúe toda a información requirida polo alumnado. Os estudantes participan no programa de prácticas externas, que conta con un coordinador que é o vicedecano de estudantes e intercambios en Santiago e a Decana da Facultade en Lugo.

3.2.- A implantación do SGC facilita o seguimento dos títulos, a renovación da acreditación e garante a mellora continua permitindo a introdución de modificacións no título.

Aspectos a valorar:

- As accións de análise e revisión levadas a cabo desde o SGC permiten introducir modificacións para a mellora no título.
- O seguimento das melloras do título confirma que estas foron eficaces e que se conseguiron os obxectivos formulados.
- Os plans de mellora recollen as recomendacións dos diferentes informes derivados do proceso de verificación, modificación, seguimento e renovación da acreditación.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

Toda a información relativa á política de calidade é pública pode consultarse nas webs dos centros, no apartado de Calidade SGIC, e foi aprobado pola ACSUG. No curso 2013-2014 procedeuse a adaptar o SGIC das dúas facultades en base ao SGIC marco simplificado da USC.

No curso 2017-18 ambos centros procederon a adaptar o SGC ao novo Documento marco de Manual do Sistema de Garantía de Calidade e ao novo Manual de Procesos, aprobados pola Comisión de Calidade en Planificación de Consello de Goberno o 22/02/2018. Estes Manuais foron aprobados pola Comisión De Calidade e Planificación de Consello de Goberno o 21/09/2018 (curso 2018-19).

En Lugo, tamén se modificou o Regulamento de Réxime Interno da Facultade para adaptalo ao novo SGC. Este foi aprobado pola Xunta de Facultade o 21/06/2018 e polo Consello de Goberno da USC o 9/11/2018 (curso 2018-19). Toda a documentación relacionada co SGC da Facultade de Lugo atópase neste enlace: [calidade](#)

En Santiago os novos Manuais foi aprobados por Xunta da Facultade de Ciencias Económicas e Empresariais o 12/07/2018 e pola Comisión de Calidade e Planificación delegada do Consello de Goberno o 21/09/2018). O regulamento de réxime interno foi modificado o 19/10/2018, aprobada a modificación en Xunta de Facultade, e ratificado por el Consejo de Gobierno de la USC o día 09/11/2018. Toda a

documentación relacionada co SGC da Facultade de Santiago atópase neste enlace: [calidade](#)

A Comisión de Calidade do centro e a implementación do SGC posibilita o proceso de seguimento, modificación e acreditación do título así como a mellora continua desde a súa implantación ao ter establecidos os procedementos de recopilación e análise da información relevante, tanto cuantitativa (resultados académicos, das enquisas de satisfacción, inserción laboral, mobilidade, etc.) como cualitativa (reunións mantidas co profesorado, coordinadores de curso e coordinadores de grao, alumnado, profesorado titores de prácticas externas, coordinador de TFG, etc.).

Como obxectivo principal do SGC (como se recolle na Política de Calidade dos centros) está o desenvolvemento de programas formativos que estean avalados por unha xestión de calidade como elemento crave e estratéxico para establecer un compromiso de máxima eficacia cos seus grupos de interese. Tamén, desenvolver programas formativos que garantan a mellor e máis adecuada formación para os estudantes e que dean resposta ás demandas do mercado laboral, tecnolóxico e investigador, que garantan as condicións de desenvolvemento profesional adecuadas ao seu persoal docente, investigador e de servizos.

Os obxectivos están recollidos de modo máis detallado nos plans estratéxicos e na programación plurianual elaborado pola comisión de calidade dos dous centros, tendo como referencia as grandes liñas estratéxicas do plan estratéxico da universidade. Esta comisión de calidade, asemade, vela polo cumprimento destes obxectivos facendo un seguimento das accións estratéxicas e os respectivos indicadores.

Na memoria de calidade do centro recóllense as accións de mellora levadas a cabo e o seu grao de cumprimento así como as accións de mellora a levar a cabo no próximo curso segundo os informes de seguimento e acreditación.

3.3.- O SGC implantado revísase periodicamente para analizar a súa adecuación e, se procede, establécense as melloras oportunas.

Aspectos a valorar:

- A análise e revisión do SGC, no que participan todos os grupos de interese, deriva en plans de mellora (responsables, calendario de execución, etc.).
- Todos os grupos de interese foron implicados no proceso de elaboración, implantación e seguimento das melloras do SGC.
- As evidencias do SGC manifestan a existencia dunha cultura de calidade consolidada no centro que contribúe á mellora continua.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

Todos os grupos de interese están implicados no proceso de proposta e implementación das accións de mellora, así como no seu seguimento, como queda recollido nas actas da Comisión de Calidade, Comisións de Título de cada centro, Comisión Intercampus do Grao en ADE, e na Memoria de Calidade.

Os alumnos titores xunto cos coordinadores de curso recollen as propostas e suxestións por parte do alumnado tanto en aspectos de organización docente como de mellora de equipamentos e medios para a docencia.

En Santiago o 16 de maio de 2017 tivo lugar a primeira reunión da Comisión de Delegados de curso (tal e como se recolle na acta). Por outra banda o Comité Consultivo durante a súa reunión anual, 23 de xuño de

2017, fai unha análise da situación dos títulos e propón accións de mellora.

En Lugo reuniuse o Comité Consultivo o 22 de novembro de 2017, no que se analizaron diversos aspectos relacionados co funcionamento das titulacións impartidas na facultade.

As actas das distintas reunións e os informes elaborados polos distintos colectivos evidencian a implantación dun modo axeitado do SGC. Así como xa se indicou previamente, na memoria de calidade evidénciase o seguimento e grao de cumprimento das accións de mellora propostas para cada curso académico tendo como referente o plan estratéxico e os distintos informes de seguimento.

Asemade, os datos proporcionados pola Área de Calidade e Mellora dos Procedementos da USC (referidos ao nivel de satisfacción de todos os grupos de interese) son analizados pola Comisión de título, a Comisión de Calidade do centro e a Comisión Intercentros. Neste contexto xeral, podemos considerar que os resultados das valoracións son satisfactorios. Tanto os programas de prácticas externas como os de mobilidade e como as actividades formativas desenvolvidas por PAS e PDI acadan puntuacións altas. O grao de satisfacción coas prácticas externas é elevado, tanto por parte do alumnado como das empresas que reciben a ese alumnado.

Sinalar que nos últimos cursos se recibiron un maior número de alumnado a través de programas de mobilidade, tal e como se comentou anteriormente. As dúas facultades programan reunións con todo o alumnado de mobilidade entrante nunha xornada de benvida para explicarlles todos os servizos e o funcionamento xeral da facultade e a universidade. Despois os coordinadores de mobilidade dos dous centros e os alumnos titores fan un seguimento durante todo o período de estancia. Destacar que os titores externos de prácticas valoran moi positivamente a formación inicial de competencias profesionais do alumnado para cumprir coas actividades que lle foron asignadas, polo que entendemos que os resultados da enquisas realizadas en Lugo e Santiago responden bastante ben á realidade profesional dos nosos graduados.

Destacar, que é necesaria unha maior difusión do SGS entre os grupos de interese tanto a través da web, como outras modalidades, para iso plantexamos unha acción de mellora (AM).

DIMENSIÓN 2. RECURSOS

CRITERIO 4. RECURSOS HUMANOS:

Estándar: O persoal académico e de apoio é suficiente e adecuado de acordo coas características do título e o número de estudantes.

Analizar e valorar a adecuación do persoal académico e de apoio que participa no título obxecto de avaliación.

4.1.- Persoal académico. O título conta con profesorado suficiente e a súa cualificación é a adecuada, tendo en conta as características do plan de estudos, as modalidades de impartición e as competencias que deben alcanzar os estudantes.

Aspectos a valorar:

- O profesorado que participa no título conta co nivel de cualificación (experiencia docente e investigadora) exixido para a súa impartición e é acorde coas previsións que se incluíron na memoria verificada. Revisarase especialmente o perfil do persoal académico asignado ao primeiro curso de títulos de grao, a prácticas externas e asociado ao Traballo Fin de Grao ou Traballo Fin de Máster.
- O profesorado é suficiente para desenvolver as funcións e atender a todos os estudantes.
- A institución ofrece oportunidades ao profesorado para actualizarse e continuar coa súa formación co obxectivo de mellorar a actividade docente.
- Participación do profesorado en programas de mobilidade.
- No seu caso, a Universidade fixo efectivos os compromisos incluídos na memoria de verificación do título relativos á contratación e mellora da cualificación docente e investigadora do profesorado.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

Os recursos humanos con que contan os centros para o bo desenvolvemento do Grao en Administración e Dirección de Empresas cumpren cos requisitos necesarios para impartir unha docencia de calidade aos estudantes.

En xeral, pódese considerar que o profesorado co que contan ambas sedes permite o desenvolvemento do grao, inda a o tamaño dos grupos, tanto interactivos como expositivos, debería ser tal e como recolle a propia memoria mais reducidos. Porén, debido fundamentalmente á paralización dos procesos de estabilización do profesorado e as xubilacións non cubertas, os departamentos que maiores dificultades están tendo durante estes últimos anos para cubrir a docencia que teñen asignada no Grao son o de Economía Aplicada, Contabilidade e Finanzas e Organización de Empresas e Comercialización.

A maioría do PDI con docencia no Grao en ADE son funcionarios, ó 47,37% en Lugo fronte ó 51,02% de Santiago, sensiblemente inferior a media da USC (59,83% dato curso 2017/18). A paralización dos procesos de estabilización e promoción do profesorado, e concretamente as promocións de profesores contratados doutores a profesores titulares, xunto coas xubilacións do profesorado, entre as que se inclúe unha elevada porcentaxe de profesorado funcionario, provocaron que o peso do PDI funcionario en relación ao total do PDI que imparte docencia na titulación sexa moi similar nos últimos cursos. A redución mais acusada prodúcese no campus de Lugo que pasa do 62,86% no 2012-13 (curso no que a titulación está implantada na súa totalidade) ao 47,37% do curso 2017-18. En Santiago esta redución foi menos significativa (55,7% fronte a 51,02%).

Indicador	Centro	Curso Académico					
		12/13	13/14	14/15	15/16	16/17	17/18
IN24G-PS-01 Porcentaxe de PDI con sexenios sobre o PDI total con docencia no título	Santiago	22,7	23,0	26,26	43,28	46,48	50,00
	Lugo	17,14	16,67	14,29	16,00	20,00	23,08
IN25G-PS-01 Porcentaxe de PDI doutor sobre o PDI total	Santiago	77,3	79,0	79,80	84,09	78,95	73,47
	Lugo	42,86	44,44	42,86	48,48	50,00	52,63
IN26G-PS-01 Porcentaxe de PDI funcionario sobre o PDI total	Santiago	55,7	59,0	57,58	55,68	54,74	51,02
	Lugo	62,86	61,11	60,00	60,61	55,88	47,37

No conxunto da titulación o peso do PDI doutor sobre o total do PDI do Grao en ADE é do 67,65%, porcentaxe lixeiramente inferior á do curso anterior (71,32%). A diferenza en relación á media da Universidade é bastante significativa (83,27% media curso 2017/18). Isto pode deberse a que as prazas de profesorado funcionario que se xubila estánse cubrindo con interinos ou profesorado asociado que non necesitan ser doutores para desempeñar a súa función. No curso 2017/18 había nos dous centros 42 profesores (30 en Santiago e 12 en Lugo) nesas categorías de profesorado que representan o 30,0% do total. Ademais, en Lugo hai 10 profesores titulares de escola universitaria que tampouco teñen que ser doutores.

En relación ao título de Grao en ADE en Santiago, impartido na Facultade de CC Económicas e Empresariais, o peso do PDI doutor no conxunto do PDI con docencia na titulación tivo un lixeiro descenso no último curso, pasando de representar o PDI doutor un 84,09% no curso 2015-2016 a un 78,95 no curso 2016-17 e a un 73,47% no 2017-18.

En relación a Lugo, débese ter en conta que a Facultade de ADE xurde como unha transformación da Escola Universitaria de Estudos Empresariais e da Sección Delegada da Facultade de CC.EE.e EE. da USC, o que leva a que unha porcentaxe moi elevada do profesorado sexan titulares de escola (25,64%). Estes profesionais da docencia non teñen a obriga de ser doutores para desenvolver a súa carreira como docentes dentro da Universidade. Aínda así, o peso do PDI doutor de Lugo no conxunto do PDI con docencia na titulación incrementouse en algo máis de 10 puntos porcentuais dende o curso 2012-13 ata o curso 2017-18.

No conxunto da titulación, a porcentaxe de PDI con sexenios sobre o PDI total, experimentou un crecemento constante nos cursos analizados ata situarse no curso 2017/18 no 42,71%. A pesar deste crecemento, existe unha considerable diferenza con respecto á porcentaxe da USC (81,80% media curso 2017/18), o cal se podería explicar pola dificultade para acceder aos sexenios no campo 8 da Economía e a Empresa, e aos problemas derivados da excesiva carga docente debido á elevada ratio de alumnos por profesor existente na titulación. De todos os xeitos, e polas dificultades antes apuntadas, sería desexable que as comparacións deste indicador se puidesen facer en relación con outras titulacións de Economía ou polo mesmo da área de Ciencias Sociais e Xurídicas. Sinalar que as áreas de coñecemento que teñen asignada docencia na titulación e que contan cun maior número de sexenios son: Economía Aplicada (15), Economía Cuantitativa ((13) e Economía Financeira e Contabilidade (11).

En Santiago a porcentaxe de persoal docente e investigador con sexenios sobre o PDI total con docencia no título de ADE, os valores véñense incrementando dende o curso 2012-13, alcanzando no último curso 2017/18 un 50%. Nas últimas convocatorias este indicador mellorou considerablemente. A pesar da importante porcentaxe de PDI doutor sobre o total de profesorado (73,47%) os procesos de estabilización de profesorado nos últimos anos non permiten que algúns profesores con importante experiencia investigadora podan solicitar o sexenio ata ter un contrato indefinido na Universidade (contratado doutor ou titular de universidade). Igual sucede en Lugo, onde a porcentaxe se sitúa no 23,08%, se ben experimentou un importante crecemento en relación ao curso 2012-13 (17,14%). Isto é consecuencia fundamentalmente da reducida porcentaxe de PDI doutor sobre o total de profesorado (52,63%), e dos procesos de estabilización de profesorado, tal e como se comentou anteriormente.

Por outra banda, a experiencia docente do PDI con docencia no Grao vese reflectida no elevado número de quinquenios que posúen o profesorado: 324 en Santiago, cunha media de 3,21 por docente; e 106 en Lugo, cunha media de 2,71 por docente.

A continuación faise unha análise do profesorado en función da súa categoría profesional e a súa experiencia docente

e investigadora.

Categoría Profesional	Campus	Curso Académico		Curso Académico		Curso Académico	
		2015/16		2016/17		2017/18	
		Nº	%	Nº	%	Nº	%
Catedrático de Universidade	Santiago	4	4,21	6	6,38	6	5,94
	Lugo	-	-	-	-	-	-
Titular de Universidade	Santiago	44	46,32	45	47,87	43	42,57
	Lugo	9	26,47	8	22,86	8	20,51
Titular de Escola Universitaria	Santiago	1	1,05	1	1,06	1	0,99
	Lugo	11	32,35	11	31,43	10	25,64
Contratado Doutor	Santiago	18	18,95	18	18,15	19	18,81
	Lugo	5	14,71	5	17,14	8	20,51
Colaborador	Santiago	3	3,16	4	4,26	3	2,97
	Lugo	-	-	-	-	-	-
Axudante Doutor	Santiago	2	2,11	1	1,06	2	1,98
	Lugo	1	2,94	1	2,86	1	2,56
Asociado de Universidade	Santiago	5	5,26	8	8,51	13	12,87
	Lugo	2	5,88	3	8,57	5	12,82
Interino por Substitución/Vacante	Santiago	13	13,68	11	11,70	11	10,89
	Lugo	5	14,71	6	17,14	6	15,38
Contrato Predoutoral	Santiago	-	-	-	-	3	2,97
	Lugo	-	-	-	-	1	1,60
Total	Santiago	95		94		101	
	Lugo	34		35		39	

Na Facultade de CC Económicas e Empresariais a porcentaxe máis elevada de profesorado atópase na categoría de titular de universidade (42,57%), seguida polos profesores contratados doutores (18,81%), moitos dos cales teñen a acreditación para ser funcionarios, pero como se comentou anteriormente, a paralización dos procesos de promoción impedírono. Sinalar tamén o importante número de Interinos por substitución/vacante (10,89%).

Como sinalamos anteriormente, unha cuarta parte do profesorado que forma parte da Facultade de Administración e Dirección de Empresas son titulares de escola (25,64%). As seguintes categorías profesionais con maior número de profesores son os titulares de universidade e os contratados doutores que representan a mesma porcentaxe sobre o total do profesorado (20,51%). Con respecto aos Traballos Fin de Grao, case todo o profesorado con docencia no grao participa na titorización destes traballos, xa que a titorización se reparte proporcionalmente á carga docente das áreas de coñecemento que teñen asignadas, polo que o perfil do profesorado coincide co exposto anteriormente.

En relación ás prácticas externas realizadas polo alumnado, tanto en Lugo como en Santiago hai un coordinador de prácticas externas (en Lugo esta responsabilidade é asumida pola Decana e en Santiago pola vicedecana de Relacións coas Empresas e Institucións), de xeito que cada estudante está asistido por un titor académico no centro e un titor externo na empresa onde desenvolve as prácticas. Na Facultade de Ciencias Económicas e Empresarias o propio vicedecano e unha profesora titular de universidade son os encargados de titorizar as prácticas externas mentres que en Lugo esta función realízana 4 profesores (dous titulares de escola universitaria, un contratado doutor e un contratado interino por substitución). O informe que nos permite coñecer se os titores están a facer correctamente a súa labor é a enquisa de satisfacción do alumnado coas prácticas realizadas. O resultado amosan niveis altos de satisfacción do alumnado en relación ao seu titor académico (3,80 en Santiago e 4,21 en Lugo).

Por outra banda, uns dos condicionantes fundamentais en relación á calidade da docencia e que ademais inflúe na capacidade de formación e investigación do PDI, é o número elevado de alumnado por profesor a tempo completo e a media de alumnos por clase expositiva e interactiva, moi superior en ambos casos a media da USC como xa vimos no criterio 1 desde informe. Tamén que o número de profesorado doutor é significativamente inferior a media da USC, especialmente no caso de Lugo.

Outro aspecto relevante en relación á calidade da docencia, é a actualización por parte do profesorado nos métodos de ensino-aprendizaxe, polo que é interesante incentivar a presenza do profesorado nestes cursos. No curso

2015/2016 a porcentaxe de participación do profesorado do título nos plans de formación foi do 50,00% en Lugo e do 32,6% en Santiago. No curso 2016-17 produxose un descenso nesta porcentaxe pasando a ser en Santiago do 22,77% e en Lugo do 39,47%. No último curso 2017-18 en Santiago foi do 36% e en Lugo do 30,77%. A motivación do profesorado polos cursos do Programa de información e innovación docente (PFID) descendeu significativamente nos últimos cursos, no informe da enquisa de satisfacción do profesorado coa docencia impartida o 23% do PDI de Lugo e o 35% de Santiago amosan o seu interese en recibir formación de apoio en novas tecnoloxías aplicadas á docencia e o 26% en Lugo e o 36% en Santiago en formación relacionada coa mellora da docencia relativa ao apoio didáctico e pedagóxico xeral (INF 14).

Para tratar de incrementar a participación do profesorado nos dous centros, recordóuselle en xunta de facultade e a través de correos electrónicos a importancia da formación continua. Tamén se lles fixo traslado de diferentes convocatorias de cursos de formación e se lles recomendou nas reunións de coordinación a asistencia a cursos organizados polo PFID.

A satisfacción obtida polo profesorado e alumnado recollida a través de diferentes enquisas, está analizada polo miúdo no criterio 1 y 7 deste documento, agás a referente a avaliación da docencia. Neste apartado recóllense os aspectos mais salientables.

En canto á satisfacción do alumnado coa docencia recibida mantense en valores similares aos obtidos en cursos anteriores, tanto en Santiago (3,74) como en Lugo (3,50), e moi similar a media da Universidade (3,62). O aspectos mais valorados polo alumnado tanto de Santiago como en Lugo é o cumprimento do programa e o plan de traballo previsto, explica a programación e criterios de avaliación e resolve as dúbidas que se lle formulan. A taxa de participación nesta enquisa é bastante elevada en Lugo (52,1%) e aceptable en Santiago (26,79%).

En relación a satisfacción do profesorado coa docencia impartida, compre destacar que ó profesorado está satisfeito, en xeral, coa docencia impartida, tanto en Santiago (3,78) como en Lugo (3,93). O aspecto máis valorado polo profesorado en Santiago (4,49) é a coordinación entre o profesorado da materia, mentres que en Lugo (4,68) son os recursos necesarios para impartir a docencia (soportes multimedia, TICs, aulas...). A taxa de participación nesta enquisa é aceptable nas dúas sedes (32,98% en Santiago; 52,63% en Lugo).

Para incrementar a participación dos diferentes colectivos (alumnado, profesorado e persoal de administración e servizos) nas diferentes enquisas de satisfacción promovidas desde os servizos xerais da USC, desde o Decanato das dúas sedes se volven a reenviar os correos electrónicos recibidos co obxectivo de resaltar a importancia que estas enquisas teñen para o correcto desenvolvemento do Grao. Sinalar que en Lugo para fomentar a participación do alumnado nestas enquisas, un profesor de cada curso permite que durante 15 minutos da súa clase na aula de informática ó alumnado cubra as enquisas das materias nas que está matriculado.

En relación aos programas de mobilidade do profesorado que imparte docencia no Grao en Administración e Dirección de Empresas é reducido. Segundo o Servizo de Relacións Exteriores–International Office no grao de ADE en Santiago houbo no Programa Erasmus+ KA107 1 mobilidade docente na universidade Ain Shams University (Exipto) e no Programa IACOBUS 5ª Convocatoria 1 mobilidade docente da área de Economía Financiera e Contabilidade na Universidade do Minho e 2 mobilidades de Investigadores das áreas de Economía Financiera e Contabilidade e Economía Aplicada na Universidade do Porto. En Lugo non participou ningún profesor nestes programas no último ano.

Outro dato relevante que indica a sensibilidade do profesorado do Centro coa formación e a innovación educativa é a súa participación en [Grupos de Innovación Docente \(GID\)](#) rexistrados. O obxectivo destes grupos é o da mellora da calidade da docencia universitaria, conxugando a formación do PDI coa implantación de experiencias innovadoras nas prácticas docentes. Na Facultade de Ciencias Económicas e Empresariais había 12 Grupos de Innovación Docente rexistrados no curso 2017/2018 namentres que na Facultade de ADE só hai 2, inda que nos consta que profesorado de Lugo está integrado en GIDs da facultade de Santiago.

Consideramos importante destacar que varios profesores/as da Facultade de Administración e Dirección de Empresas participan habitualmente no Campus de Verano XuvenCiencia da USC ([XuvenCiencia](#)), dirixido a alumnos de ESO e bacharelato de toda Galicia. Elaboráronse dous talleres relacionados coa publicidade e o desenvolvemento dun novo produto, no que participan entre 8 e 20 alumnos.

4.2.- Persoal de apoio (persoal de administración e servizos, técnicos de apoio á docencia, etc.). O título conta con persoal de apoio suficiente e a súa cualificación é a adecuada, tendo en conta as características do plan de estudos.

Aspectos a valorar:

- O persoal de apoio é suficiente para desenvolver as funcións e atender a todo o persoal docente e estudantes.
- O persoal de apoio que participa no título conta co nivel de cualificación exigido e é acorde coas previsións que se incluíron na memoria verificada.
- No seu caso, a Universidade fixo efectivos os compromisos incluídos na memoria de verificación do título relativos á contratación e mellora do persoal de apoio.
- A institución ofrece oportunidades ao persoal de apoio para actualizarse e continuar coa súa formación co obxectivo de mellorar a súa labor de apoio ao proceso de ensinanza-aprendizaxe.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

O persoal de apoio (PAS) co que contan os centros para o bo desenvolvemento do Grao en Administración e Dirección de Empresas é suficiente e cumpren cos requisitos necesarios para levar a cabo a xestión adecuada dos centros, contando coa cualificación axeitada para o bo desenvolvemento das súas funcións.

A Facultade de ADE conta na actualidade con 6 persoas de apoio para o correcto desenvolvemento das actividades docentes e investigadoras. Os postos de traballo existentes na actualidade son: Conserxería, no que están 3 persoas (dous auxiliares técnicos informáticos e unha conserxe), Secretaría de Decanato, cunha administrativa; un responsable da Unidade de Apoio á Xestión de Centros e Departamentos e un responsable de Asuntos Económicos. Todo o PAS conta cunha antigüidade no posto e escala de polo menos seis anos.

A Facultade de Ciencias Económicas e Empresariais conta con 27 persoas de apoio para o correcto desenvolvemento das actividades docentes e investigadoras realizadas no centro e coa biblioteca. Os postos de traballo existentes na actualidade son: Conserxería, no que están 6 persoas (catro auxiliares técnicos informáticos, un conserxe e un oficial de servizos), Secretaría de Decanato, sete secretarías nos departamentos; un técnico especialista en informática, un responsable de Asuntos Económicos, un responsable da unidade de xestión do centro e o administrativo e dous postos base. Ademais outros 9 postos relacionados coa biblioteca. A maior parte do PAS conta cunha antigüidade no posto e escala de polo menos seis anos (todos menos 9).

A asistencia do PAS a cursos de formación é necesaria para axudar á mellora da xestión do centro no que prestan os seus servizos. A porcentaxe de PAS que realizou algún curso de formación organizado pola Universidade en Lugo foi do 86% e do 67% en Santiago, no curso 2016-17. Neste caso, a satisfacción global da totalidade do PAS da USC coas actividades formativas realizadas foi do 3,99, similar ao curso anterior (3,91). Ademais, un 84,87 (79,91% o curso pasado) do PAS afirmou que recomendarían os cursos a outras persoas.

En relación ao grao de satisfacción do PAS co traballo desenvolvido no curso 2017-18, acadou valores adecuados nas dúas sedes. O Persoal de Administración e Servizos obtén unha elevada satisfacción no desempeño do seu traballo tanto en Lugo (4,67) como en Santiago (4,25). A taxa de resposta en Lugo foi de 50,0% e en Santiago do 26,7%.

En resumo, os recursos humanos con que contan os centros para o bo desenvolvemento do Grao en Administración e Dirección de Empresas cumpren cos requisitos necesarios para impartir unha docencia de calidade ao alumnado e levar a cabo unha xestión adecuada dos centros.

A paralización dos procesos de estabilización e promoción do profesorado e concretamente as promocións de profesores contratados doutores a profesores titulares, xunto coas xubilacións do profesorado, entre as que se inclúe unha elevada porcentaxe de profesorado funcionario, provocaron que o peso do PDI funcionario, en relación ao total do PDI que imparte docencia na titulación sexa inferior á media da USC. Tamén nos atopamos por debaixo da media da USC en sexenios e en PDI doutor, aínda que estas dúas porcentaxes incrementáronse nos últimos cursos.

En relación á calidade da docencia, esta vese condicionada por diferentes aspectos (exceso de alumnado na aula

interactiva, exceso de carga docente por parte do profesorado, déficit de profesorado nas áreas de empresas, inversión de tempo en actividades burocráticas e de xestión, etc.), o que provoca que tanto o nivel de satisfacción do alumnado coa docencia recibida e do profesorado coa docencia impartida acade niveis normais de satisfacción, e similares á media da USC.

A participación do PDI en programas de formación é axeitada e o nivel de satisfacción do profesorado coa formación recibida é moi alto.

En relación ao PAS, tamén se amosan satisfeitos tanto coa formación recibida como co traballo desenvolvido nos centros, representando un pilar fundamental na xestión das facultades ao formar parte activa do desenvolvemento o título.

DIMENSIÓN 2. RECURSOS

CRITERIO 5. RECURSOS MATERIAIS E SERVIZOS:

Estándar: Os recursos materiais e servizos postos a disposición do desenvolvemento do título son os adecuados en función da natureza, modalidade do título, número de estudantes matriculados e competencias a adquirir.

Analizar e valorar se os recursos materiais e servizos postos a disposición dos estudantes son os adecuados ás necesidades do título.

5.1.- Os recursos materiais, infraestruturas e servizos postos a disposición dos estudantes e o profesorado son suficientes e adecuados ás características do plan de estudos, ás modalidades de impartición e ás competencias que deben alcanzar os estudantes.

Aspectos a valorar:

- As infraestruturas destinadas ao proceso formativo son as adecuadas en función da natureza e modalidade do título. Prestarase especial atención á dispoñibilidade de aulas, salas de estudo, aulas de informática e recursos informáticos, laboratorios, salas de reunións, biblioteca, ...
- Os recursos materiais, postos a disposición dos estudantes, son os adecuados en función da natureza e modalidade do título e as competencias a adquirir por eles y coinciden coas previsións que se incluíron na memoria de verificación. Prestarase especial atención á dispoñibilidade de equipamento e material científico, técnico, asistenciais e artístico, (dependendo da tipoloxía de ensinanza), ...
- Aplicación das normativas de accesibilidade universal e deseño para todos, seguridade, saúde e medio ambiente e coñecemento delas polos axentes implicados.
- Os fondos bibliográficos, recursos documentais,... son suficientes e están actualizados.
- No seu caso, a Universidade fixo efectivos os compromisos incluídos na memoria de verificación do título relativos á creación, posta en marcha ou utilización de novas infraestruturas ou servizos externos á Universidade.
- Os servizos de orientación académica (selección de materias, problemas de aprendizaxe, necesidades especiais, aloxamento,...) e orientación profesional postos a disposición dos estudantes son apropiados para dirixilos e orientalos nestes temas.
- Os servizos de atención ao estudante (documentación, informes de cualificacións, actas, certificados académicos, tramitación de solicitudes de validacións ou de traslado,...) postos á súa disposición son apropiados para dirixilos e orientalos nestes temas.
- Os programas de acollida e apoio ao estudante oriéntano no funcionamento da institución.
- Tendo en conta as diferentes modalidades de impartición do título, analízase e revísase o grao de adecuación, para a consecución das competencias por parte dos estudantes, das infraestruturas tecnolóxicas e servizos tanto no centro responsable do título como, no seu caso, en centros externos (centros de prácticas, empresas, centros asociados, etc.).
- No caso de que o título contemple a realización de prácticas externas, as instalacións onde se realizan son adecuadas para a adquisición das competencias.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

Na Memoria do título expónse que a Facultade dispón dunha infraestrutura cos espazos e equipamentos necesarios para desenvolver as actividades formativas previstas no título que se revisan periodicamente e nas que se acomete o mantemento preciso para conservalos en bo estado de uso. Non constan compromisos incluídos na memoria de verificación do título relativos á creación, posta en marcha ou utilización de novas infraestruturas ou servizos externos á Universidade.

En ambos centros, Santiago e Lugo, existe unha comisión de Asuntos Económicos e Infraestruturas que toma decisións relativas ás necesidades de infraestruturas do centro. Esta comisión está formada por representantes do equipo decanal, profesorado, PAS e alumnado e séguense os procedementos descritos no SGIC do centro.

No curso 2017-18 procedeu, do mesmo xeito que se fixo no cursos anteriores, a facer unha análise e revisión das carencias e necesidades de mellora no ámbito dos recursos e infraestruturas necesarias para o desenvolvemento da docencia adecuadas para a docencia de calidade no ámbito do EEES.

Polas distintas peculiaridades dos centros onde se imparte o título, procedemos a facer unha análise individual dos recursos materiais e servizos cos que conta cada centro.

Santiago

A Facultade de Ciencias Económicas e Empresariais está situada nun edificio que, se ben dispón das tecnoloxías necesarias para o ensino/aprendizaxe no Espazo Europeo de Educación Superior, en termos de infraestruturas e mobiliario presenta varias carencias tanto en equipamento como na estrutura do edificio. Non obstante a Facultade de Ciencias Económicas está adaptado ás persoas con diversidade funcional. Así conta con prazas de aparcamento reservadas a persoas con mobilidade reducida, ascensores, ramplas de acceso, servizos adaptados, portas de dobre folia nas aulas, seminarios, etc. que facilitan a accesibilidade ao edificio sen limitación algunha por razón de deficiencia, discapacidade ou minusvalía. Por outra banda dispón das infraestruturas e das tecnoloxías necesarias para o ensino/aprendizaxe no Espazo Europeo de Educación Superior. O acceso a internet, fixo ou por Wifi, está dispoñible en toda a Facultade.

Para investir da mellor forma posible os escasos recursos dispoñibles continuouse axilizando o funcionamento da comisión de asuntos económicos e infraestruturas, na que participan profesorado, PAS e alumnado, e que decide tendo en consideración os recursos con que conta a Facultade, o reparto do orzamento e a contratación de determinadas obras ou adquisicións de materiais e recursos. O procedemento a seguir pasa, en primeiro lugar pola detección de necesidades para, a continuación, establecer unha orde de prioridades; o obxectivo é levar a cabo as accións necesarias para o mantemento das infraestruturas e servizos que garantan o bo funcionamento do centro.

A web da Facultade dispón dun directorio propio onde se indica o número de despacho do profesor para facilitar o acceso a información o alumnado. Tamén se dispón dun acceso con información dos [espazos do centro](#).

Continuáronse realizando accións de mellora e actualización dos contidos da páxina web do centro (infraestruturas, planos da facultade, servizos, TFG, prácticas externas, mobilidade), así como o mantemento actualizado do blog da Facultade con información das actividades.

A Facultade de CC Económicas e conta con 7 aulas de informática para docencia cun total de 116 ordenadores conectados á rede, o que representa o 11,28% en relación aos estudantes matriculados (1.028). Tamén dispón de unha aula para libre disposición do alumnado con 20 ordenadores conectados á rede. A substitución de equipos obsoletos por outros novos é unha acción que se realiza de forma continua no tempo e á que se destinan numerosos recursos.

Durante o curso académico 2017-2018 a Facultade puxo en marcha unha acción de mellora establecida no Informe de Acreditación (AM-4). Neste sentido, procedeu á adquisición de cadeiras para aulas de docencia (tradicional e de informática), instalación de novas pizarras en aulas de docencia tradicional, -instalación dun novo cañón na aula

C e actuacións para favorecer a visión do proxectado nas ventanas de dita aula mediante a colocación de vinilos, cambio de cableado para conectar o portátil ao proxector en varias aulas así como instalación de placas con conexión hdmi e a posta en funcionamento de zona wifi na aula de informática pública

A maiores da información sobre infraestruturas, a web do centro inclúe tamén un apartado de [Planos da Facultade](#) onde se pode consultar a situación dos despachos do profesorado, das aulas, dos seminarios, das aulas de informática, do Decanato, etc., e tamén un apartado de servizos de interese para o alumnado e dos recursos de que dispón. Asemade, a Facultade a través de Xescampus ten establecido un mecanismo de reserva de espazos accesible desde a secretaría virtual do profesorado.

Lugo

A Facultade de ADE está situada nun edificio moderno, funcional e adaptado ás persoas con discapacidade. Dispón das infraestruturas e das tecnoloxías necesarias para o ensino/aprendizaxe no Espazo Europeo de Educación Superior. O acceso a internet, fixo ou por Wifi, está dispoñible en toda a Facultade, tal e como se pode observar no espazo web onde figuran todos os [recursos materiais](#) cos que conta.

A maiores da información sobre infraestruturas, a web do centro inclúe tamén un apartado de [Planos da Facultade](#) onde se pode consultar a situación dos despachos do profesorado, das aulas, dos seminarios, das aulas de informática, do Decanato, etc. e tamén un apartado de [servizos de interese para o alumnado](#). Asemade, a Facultade a través de Xescampus ten establecido un mecanismo de reserva de espazos accesible desde a secretaría virtual do profesorado.

A facultade conta na actualidade con tres aulas de informática destinadas a docencia cun total de 92 ordenadores, e unha aula de acceso libre con 10 equipos informáticos. Esta aula tamén se utiliza para impartir docencia no grao en xestión de pemes.

No curso 2017-18 a facultade adquiriu 10 ordenadores para as aulas de informática, de docencia e despachos do profesorado para substituír os que están máis obsoletos, sendo esta substitución progresiva de ordenadores antigos unha proposta de mellora a realizar no presente curso. Tamén se adquiriron 11 monitores para despachos do profesorado e aulas de docencia, tres impresoras para o profesorado, 2 videoproectores (un portátil e outro para a aula de informática dúas), unha pizarra para aula de informática catro e 21 discos duros SSD para mellorar os equipos das aulas de informática.

No curso 2017-18 uníronse as aulas de informática dúas e tres para ampliar o número de postos de informática ata 40 e creouse unha nova aula de informática con 20 equipos informáticos. Ademais, creouse unha sala de traballo en grupo con capacidade para 40 persoas.

Volvendo á análise conxunta dos dous centros onde se imparte o título, e en relación a outros servizos, a Facultade de Ciencias Económicas e Empresariais conta cunha biblioteca propia, en tanto que a Biblioteca habitual da Facultade de ADE é a Biblioteca Intercentros do campus de Lugo, situada a escasos metros da propia Facultade. Segundo os últimos datos dispoñibles a Biblioteca de Económicas contou no último curso con 348 postos de lectura e a de Intercentros con 1715 postos de lectura repartidos en 9 salas, concentrándose a maioría dos fondos bibliográficos de interese para o noso alumnado na sala de Ciencias Sociais que conta con 300 postos de lectura. Asemade, o alumnado da titulación ten acceso a todos os fondos bibliográficos que oferta a rede de bibliotecas da USC, non só en papel senón tamén en formato electrónico a través de BUGALICIA.

No caso da biblioteca da Facultade de Santiago, conta tamén cun depósito de monografía (andar primeiro semisoto), unha hemeroteca con 23 postos de lectura (segundo semisoto), 16 postos para o traballo en equipo, ubicados na entrada da Biblioteca, 6 terminais para acceso ao catálogo automatizado (CAPEL), 4 PCs de uso público con acceso a Internet e ás aplicacións ofimáticas principais, así como 6 ordenadores portátiles para uso na sala. Os principais fondos de alumnos (4.170 volumes) están colocados en libre acceso na Sala de lectura. Na Hemeroteca poden consultarse os fondos de máis de 3100 revistas, 500 das cales están nos expositores, organizadas por materias, por tratarse dos títulos de maior actualidade e para facilitar o descubrimento ás persoas interesadas nun mesmo campo. “

Na información pública dáse conta dos servizos de orientación académica dispoñibles. A USC conta con diferentes servizos de orientación académica e profesional e de atención ao estudante que consideramos adecuados tanto para estudantes da USC, estranxeiros como egresados (programas de apoio ao estudante como as xornadas de acollida e orientación, plan de acción tutorial, programa de mentoring, servizos para visitantes, oficina de apoio a

persoas con discapacidade, bolsas e axudas...). Estas iniciativas teñen por obxecto lograr, a través dunha atención personalizada ao estudante, a mellora no seu labor de aprendizaxe. Pola súa banda, a Área de Orientación Laboral leva a cabo diversas actuacións dirixidas a apoiar e orientar ao estudante na procura de emprego, para mellorar a súa empregabilidade e favorecer a inserción laboral, contando así mesmo cunha bolsa de emprego.

A Universidade tamén pon ao servizo do alumnado e do profesorado a Área de Valorización, Transferencia e Emprendemento. Esta área vai dirixida, entre outros, a emprendedores da comunidade universitaria que teñan interese en poñer en marcha un novo proxecto empresarial baseado no coñecemento. Unha das posibles saídas laborais dos graduados en ADE é precisamente emprender, por iso desde os centros se organizan charlas de emprendemento en colaboración con este servizo da universidade e se dan a coñecer e inténtanse dinamizar todos os programas de emprendemento que pon en marcha a universidade por ela mesma ou en colaboración con outras entidades, tales como o Programa ARGOS, o Programa Explorer, patrocinado polo banco Santander, Akademia da Fundación Bankinter e o Concurso de Ideas Innovadoras que organiza Uninova.

A Universidade proporciona diferentes servizos de atención aos estudantes. Na prestación destes servizos a Facultade de ADE actúa coordinadamente coas distintas unidades centralizadas. Sen que pretenda ser unha enumeración exhaustiva, podemos destacar as seguintes prestacións: información e orientación, xestión académica (recoñecementos de estudos, traballos de fin de grao e fin de máster, actas de exame, cambio de grupo de clases, etc.), programas de mobilidade e prácticas externas.

Para facilitarlle ao alumnado que accede por primeira vez á universidade e ás ensinanzas de grao, os centros organizan unha xornada de acollida e orientación, no marco do Plan de Acción Titorial descrito no criterio 1 deste autoinforme. Nela se desenvolven charlas informativas para dar a coñecer a estrutura da Universidade e da Facultade, o seu funcionamento, normativa, actividades, as canles de información, os servizos que oferta, os responsables académicos e as súas funcións. Ademais de explicarlles o funcionamento do centro, da biblioteca e os servizos que ten ao seu alcance, reciben información precisa sobre a localización das distintas dependencias e dos contidos da web do centro e xeral da USC que están especificamente dirixidos a eles. A esta xornada de acollida común para os estudantes de novo acceso, súmase a presentación que o persoal da Biblioteca realiza deste servizo, en sesións desenvolvidas no primeiro día de clase nos distintos grupos de alumnado existentes. Nesta xornada tamén se lles explica ao alumnado que o grao en ADE dispón para todas as materias dun aula virtual como apoio á docencia e para favorecer o desenvolvemento do proceso de ensino-aprendizaxe.

De igual xeito desenvólvense outras actividades, como por exemplo o mes do emprego na facultade de Santiago (actividades e obradoiros sobre saídas profesionais, elaboración de currículos, etc.), sesión de presentación da materia Traballo Fin de Grao (ambos centros), sesión informativa sobre os Master relacionados co Grao de ADE que se imparten na USC, así como impartición de conferencias sobre temáticas relacionadas coa orientación profesional e a docencia. Asemade, segundo o Plan de Acción Titorial para o alumnado interesado pódese lle asignar un titor, atendendo ás súas necesidades particulares.

En relación ás prácticas de empresas, na evidencia “**E16. Listaxe de centros/entidades para a realización de prácticas externas curriculares ou extracurriculares**” proporciónase unha listaxe dos estudantes asignados a cada práctica no curso 17/18. Os centros consideran que as instalacións das empresas onde se realizan as prácticas son axeitadas e que se está a cumprir o programa de prácticas, existindo unha axeitada coordinación entre o centro e a empresa.

Unha maneira de poder valorar os recursos materiais e servizos é a satisfacción dos estudantes e egresados cos mesmos e analizando os datos do informe da satisfacción dos egresados (INF.09).

Nos dous últimos cursos académicos a satisfacción dos egresados coas infraestruturas, recursos tecnolóxicos, biblioteca e cafetería/comedor é moi positiva e bastante por encima da media da USC.

	Curso 16/17				Curso 17/18			
	Media Santiago	Media Lugo	Media titulación	Media global	Media Santiago	Media Lugo	Media titulación	Media global
Infraestruturas e os materiais dispoñibles no teu centro	2,88	3,64	3,11	2,85	3,30	3,86	3,51	2,89

Recursos tecnolóxicos (Campus Virtual, Secretaría Virtual, redes wifi, etc...)	3,83	4,46	4,03	3,67	3,91	4,00	3,95	3,57
Biblioteca	4,04	4,40	4,15	4,00	4,04	4,21	4,11	3,95
Cafetería/comedor	4,00	4,36	4,11	3,61	4,39	4,50	4,43	3,54

En canto ao grao de satisfacción dos egresados cos servizos (IN33G-PS-03) presente valores elevados nos últimos anos. No curso 2017-18 o nivel de satisfacción alcanzado polos egresados foi de 4,12 en Santiago (lixeiramente superior ao curso anterior 3,96), e 4,24 en Lugo (lixeiramente inferior ao curso precedente, 4,41)

Satisfacción dos egresados cos servizos	2012-13	2013-14	2014-15	2015-16	2016-17	2017-18
Grao en Administración e Dirección de Empresas [S]	4,09	3,07	4,28	4,08	3,96	4,12
Grao en Administración e Dirección de Empresas [L]	2,92	-	4,20	4,17	4,41	4,24
Total	-	-	4,26	4,10	4,10	4,16

En canto a satisfacción do alumnado cos recursos materiais e servizos (INF.22), son valorados moi positivamente e, salvo a dispoñibilidade de fondos bibliográficos, por enriba da media da USC.

	Santiago	Lugo	Titulación	USC
As aulas e o seu equipamento	3,29	4,00	3,54	2,82
Os laboratorios, as aulas de informática, os obradoiros e espazos experimentais e o seu equipamento	3,59	3,71	3,63	2,84
Os espazos destinados ao traballo autónomo (salas de estudo aulas de informática...)	3,82	2,75	3,45	2,91
A dispoñibilidade de fondos bibliográficos recomendados na titulación	3,71	3,00	3,46	3,69
As plataformas de docencia virtual e ferramentas multimedia	3,76	3,38	3,63	3,38

No caso do profesorado (INF.14), compre destacar que, en Santiago, o profesorado está satisfeito cos medios dispoñibles: co material e servizos de apoio á docencia (4,12) e cos recursos necesarios para a docencia (4,00). En Lugo, o profesorado tamén está moi satisfeito cos medios dispoñibles e as valoracións son bastante mellores: co material e servizos de apoio á docencia (4,59) e conta cos recursos necesarios para a docencia (4,68).

Satisfacción do profesorado coa docencia impartida	Santiago 14-15	Lugo 14-15	Santiago 15-16	Lugo 15-16	Santiago 16-17	Lugo 16-17	Santiago 17-18	Lugo 17-18
Material e servizo de apoio á docencia na Universidade para o desenvolvemento da docencia (fondos bibliográficos e audiovisuais, aula virtuais,	3,75	4,14	3,89	4,54	3,88	4,30	4,12	4,59
Recursos dispoñibles no centro para a docencia (soportes multimedia, TICs, aulas/laboratorios....)	3,65	4,45	3,93	4,79	3,58	4,71	4,00	4,68

Na enquisa de satisfacción ao persoal de administración e servizos realizada pola USC, o nivel de satisfacción amosado polo PAS en Santiago no curso 17-18 aumentou en relación aos espazos e diminuíu respecto aos recursos existentes, sendo máis elevada no caso de Lugo. Como xa se mencionou nalgunha ocasión, a Facultade

de Lugo ten menos anos que a de Santiago e está mellor dotada a nivel de recursos físicos.

Satisfacción do PAS cos espazos e recursos dispoñibles	Santiago 14-15	Lugo 14-15	Santiago 15-16	Lugo 15-16	Santiago 16-17	Lugo 16-17	Santiago 17-18	Lugo 17-18
Espazos destinados ao desenvolvemento e coordinación das funcións dos PAS	3,15	4,33	2,85	3,80	2,92	4,80	3,50	5,0
Recursos necesarios para o desenvolvemento das funcións	3,15	3,83	2,62	3,80	3,08	4,40	2,75	5,0

En xeral, consideramos que os recursos materiais e servizos con que contan os centros para o bo desenvolvemento do Grao en Administración e Dirección de Empresas compren cos requisitos necesarios para impartir unha docencia de calidade aos estudantes en función do plan de estudos, as modalidades de impartición e as competencias que deben acadar os estudantes. Non obstante sempre é necesario, especialmente en Santiago, tratar de mellorar, na medida das posibilidades dos centros, os recursos materiais cos que conta e os servizos que oferta ao alumnado, e plantexamos unha acción de mellora neste sentido. Como consta no epígrafe 7.2 desde autoinforme, a satisfacción dos estudantes cos recursos e as instalacións é elevada en ambas sedes.

DIMENSIÓN 3. RESULTADOS

CRITERIO 6. RESULTADOS DE APRENDIZAXE:

Estándar: Os resultados de aprendizaxe alcanzados polos titulados son coherentes co perfil de egreso e correspóndense co nivel do MECES da titulación.

Analizar os resultados de aprendizaxe alcanzados polos estudantes e se son coherentes co perfil de egreso e se corresponden co nivel do MECES do título.

6.1.- Os estudantes ao finalizar o proceso formativo adquiriron as competencias previstas para o título.

Aspectos a valorar:

- O desenvolvemento das actividades académicas, metodoloxías docentes, sistemas de avaliación e cualificación contribúen á consecución e valoración dos resultados de aprendizaxe previstos.
- Os resultados de aprendizaxe alcanzados satisfán os obxectivos do programa formativo e adecúanse ao nivel MECES.
- Os resultados de aprendizaxe téñense en conta para a revisión e mellora do plan de estudos.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

As actividades formativas, as súas metodoloxías e sistemas de avaliación están contidos na MVT. Para cada materia, esta información figura na Guía Docente e pódese consultar nas páxinas webs dos centros ([Santiago](#) e [Lugo](#)).

Na Memoria de Verificación do Título non se incluíron explicitamente os resultados de aprendizaxe para o título e materia posto que, de acordo co establecido na lexislación, só se establecía en termos de competencias. As competencias e os obxectivos que os estudantes adquiren durante os seus estudos e que son esixibles para outorgar o título de graduado en ADE, segundo a memoria do título e as modificacións do mesmo, axústanse ó establecido nos RD 1393/2007 e RD 861/2010 (que modifica o anterior) e o Marco Español de Cualificacións para a Educación Superior, MECES. Tal e como se establece no artigo 9 do RD 1393/2007, de 29 de outubro, as ensinanzas de Grao teñen como finalidade a obtención por parte do estudante dunha formación xeral, nunha ou varias disciplinas, orientada á preparación para o exercicio de actividades de carácter profesional.

En base a este principio xeral, o obxectivo fundamental do título de grao en Administración e Dirección de Empresas pola Universidade de Santiago de Compostela é a formación, a un nivel xeral, de profesionais que sexan capaces de desempeñar labores de xestión, asesoramento e avaliación nas organizacións produtivas, pois estes labores pódense desenvolver no ámbito global da organización ou en calquera das súas áreas funcionais: produción, recursos humanos, financiamento, comercialización, investimento, administración ou contabilidade. Para alcanzar estes obxectivos, os graduados e graduadas deben adquirir unha serie de competencias xerais, específicas e transversais. A avaliación das competencias recollidas na MVT complétase coa realización e avaliación do traballo de fin de grao presentado por cada alumno.

En relación ao TFG, toda a normativa e documentación relacionada con esta materia (regulamento, guía docente, material de apoio...) pódese consultar polo alumnado no apartado corresponde ao Traballo de Fin de Grao ([Santiago](#) e [Lugo](#)).nas webs dos centros ([Santiago](#) e [Lugo](#)).

As disciplinas que compoñen o Plan de estudos do Grao en ADE están orientadas a garantir que o alumnado adquire as habilidades e coñecementos, teóricos e prácticos, relativos a todas as formulacións de demanda mencionadas no perfil idóneo. Consideramos que o deseño do Plan cumpre tales características. Asemade, hai unha serie de

competencias que se poden complementar con outras actividades ofertadas nos dous centros, tales como as prácticas externas, os programas de mobilidade, o plan de acción tutorial e as actividades extraacadémicas (criterio 1, apartado 1.2).

En canto aos resultados das enquisas de satisfacción dos principais grupos de interese estes poden ser consultados mais polo miúdo no punto 7.2. “Os índices de satisfacción dos estudantes, do profesorado, dos egresados e doutros grupos de interese son adecuados”. Neste punto faremos unha breve referencia a aquelas que consideramos máis relevantes.

Os niveis de satisfacción coa docencia recibida (IN46G-S01-PM-01) son similares respecto ao ano anterior en Santiago (3,76 no 13/14, 3,67 no 14/15 e 3,80 no 15/16, 3,70 no 16-17 e 3,74 no 17-18), e descende progresivamente todos os anos en Lugo a excepción deste curso académico que aumenta lixeiramente (3,68 no 13/14, 3,62 no 14/15, e 3,59 no 15/16 e 3,44 no 16-17 e 3,50). A media da USC sitúase en 3,62

En canto ao grao de satisfacción xeral dos egresados coa titulación (IN42G-S01-PM-01) en Santiago medrou aínda que nos últimos anos se produciu un lixeiro descenso para volver a repuntar no último curso, pasando do 3,24 no curso 2013-14, 3,49 no 14-15 e o 3,35 no 15-16, 3,20 no 16-17 e 3,31 sobre 5. En Lugo pasouse do 3,58 no curso 14-15, a 3,25 no 15-16 e a 3,44 no 16-17, subindo significativamente no curso 2017-18 (3,71)..

A información sobre a satisfacción dos egresados (INF9) é, en xeral, positiva. Inda que os datos no curso 17/18 melloraron, todavía se percibe a formación práctica cun baixo grao de satisfacción (2,32 media titulación), algo por debaixo da media da USC (2,74). A satisfacción coa formación teórica (3,78 media titulación) está lixeiramente por enriba da media da USC (3,61). Pensamos que pode existir unha desviación entre o que o egresado opina recentemente titulado e a utilidade real das competencias adquiridas unha vez que se incorpora ao mercado laboral. A enquisa de satisfacción dos egresados oficial realízase no momento de solicitude de expedición do título polo que é probable que o egresado non sexa capaz de valorar ata que punto adquiriu as competencias do título e a utilidade desas competencias adquiridas na titulación para o desempeño laboral.

Outro aspecto que nos permite coñecer se as competencias adquiridas polo alumnado graduado en Administración e Dirección de Empresas, se corresponden coas que demanda o mercado laboral, son as obtidas no informe (INF07) que analiza o nivel de satisfacción dos titores externos cos programas de prácticas externas. Se ben estes datos hai que tomalos con cautela porque, por un lado, a taxa de resposta é reducida especialmente en Santiago (45,95% media da titulación) e, por outro lado, porque as prácticas pódela facer alumnado de 4º e de 3º (estes últimos non adquiriron aínda as competencias asociadas ás materias do último curso). En calquera caso, para o curso 2017-18, os resultados amosan que os titores externos están bastante satisfeitos ca formación inicial de competencias profesionais do alumnado para cumprir coas actividades que lle foron asignadas (cunha valoración de 4,00 en Santiago e 3,54 en Lugo, media 3,65), cifra lixeiramente inferior a media da universidade (3,85). A súa valoración é tamén boa (4,00 Santiago e 3,69 en Lugo, media 3,76) e similar a media da USC (3,87), cando se pregunta polos coñecementos teórico-prácticos cos que chega o alumnado ás prácticas.

Para recoller información de forma periódica sobre as necesidades dos empregadores, creouse un Comité Consultivo externo ás Facultades. O Comité Consultivo é un órgano vinculado á política e obxectivos de calidade da Facultade (Capítulo IV do SGIC). Está formado por representantes dos grupos de interese externos ás Facultades e ten a finalidade de aconsellar ao equipo de dirección sobre actividades profesionais, de negocio ou interese social que afecten ao Centro e faciliten o seu desenvolvemento futuro e a súa proxección social. Reúnese ao menos unha vez o ano.

Outro indicativo da consecución das competencias previstas no título é a taxa de éxito (IN35-S01-PM-01) que se sitúa en ambos campus próxima á prevista na MVT (80%), aínda que un pouco por debaixo. Esta taxa mide a relación porcentual entre o número total de créditos que superaron os estudantes e o número total de créditos aos que se presentaron. Amosa información sobre o grao de eficacia do alumnado e da institución con relación á súa actividade académica.

En Santiago, a taxa de éxito mantense en cifras moi similares en todos os cursos, alcanzando o valor máximo no 2013-14, baixando lixeiramente para repuntar no 16/17 ata situarse no 74,87% e no 73,71% no 17/18. En Lugo o comportamento da taxa de éxito é algo máis irregular pero con valores similares en todos os cursos, situándose no

curso 2017-18 no 75,95%. A media da USC no curso 17-18 foi de 87,20%).

Indicador	Curso Académica						
	2012/13	2013/14	2014/15	2015/16	2016/17	2017/18	
IN35-S01-PM-01 Taxa de éxito	Santiago	73,92	75,97	73,36	72,11	74,87	73,71
	Lugo	77,21	75,78	72,68	76,97	76,06	75,95
	Conxunta	74,76	76,06	73,19	73,32	75,16	74,24

Sinalar que as diferentes taxas serán analizadas polo miúdo no criterio 7. En canto á materia TFG, cómpre salientar que a **taxa de éxito** (créditos superados/créditos presentados) da materia TFG en Santiago mantense en niveis altos nos últimos cursos académico (14/15: 98,64%, 15/16: 96,99%, 16/17: 94,40% e 17/18: 100%), mentres que en Lugo se incrementou notablemente situándose actualmente no 100% (14/15: 92,98% e 15/16, 16/17 e 17/18: 100,00%). Ambas as dúas cifras demostran que a materia non presenta problemas especiais unha vez que o alumnado reúne os requisitos para presentarse, xa que practicamente a totalidade do alumnado supera esta materia.

Indicador	2014/15	2015/16	2016/17	2017/18	
Taxa de éxito TFG (créditos superados/presentados)	Santiago	98,64	96,99	94,40	100
	Lugo	92,98	100	100	100
Taxa de avaliación TFG (créditos presentados/matriculados)	Santiago	48,68	43,18	50,00	53,49
	Lugo	52,78	51,75	48,62	58,16
Taxa de rendemento TFG (créditos superados/matriculados)	Santiago	48,01	41,88	49,70	53,49
	Lugo	49,07	51,75	48,62	58,16

A **taxa de avaliación** (créditos presentados/matriculados) segue a ser baixa nos dous campus inda que mellorou no último curso, (Santiago 14/15: 43,18; 15/16: 48,68, 16/17: 50% e 17/18: 53,49 e Lugo 14/15: 52,78; 15/16: 51,75, 16/17: 48,62 e 17/18: 58,16).

Aclarar que para poder presentar o TFG, é preciso ter superados todos os demais créditos da titulación. Ademais, no suposto de que o alumnado non reúna os requisitos para presentar o TFG por ter materias pendentes, considerarase unha renuncia automática, polo que non se computará para os efectos de consumir convocatoria, o que pode incentivar a matricularse nela aínda que finalmente non chegue a examinarse.

A maioría do alumnado non presentou o TFG porque non aprobaron todas as materias do grao e renunciaron a mesma. No curso 2017/18 do total de alumnos matriculados en Santiago (259), 98 renunciaron e ningún alumno deixou de presentar o ser TFG (non presentados) por razóns atribuíbles ao propio TFG. O número de alumnos non presentados diminuíu de forma moi importante respecto ao curso anterior. En Lugo, dos 98 alumnos matriculados, 17 renunciaron e 21 non se presentaron (21,43%) por razón atribuíbles ao propio TFG.

TFG SANTIAGO	2012-13		2013-14		2014-15		2015-16		2016-17		2017-18	
Aprobado	7	9,46%	37	18,78%	54	17,94%	53	17,21%	57	17,17%	54	20,85%
Matr. Honra	3	4,05%	9	4,57%	15	4,98%	15	4,87%	5	1,51%	-	-
Non Presentado	18	24,32%	78	39,59%	137	45,51%	61	19,81%	60	18,07%	-	-
Notable	29	39,19%	61	30,96%	73	24,25%	60	19,48%	103	31,02%	107	41,31%
Renuncia		0,00%	3	1,52%	17	5,65%	7	2,27%	105	31,63%	98	37,84%
Sen cualificar		0,00%		0,00%		0,00%	107	34,74%	1	0,30%	--	
Sobresaliente	13	17,57%	5	2,54%	3	1,00%	1	0,32%		0,00%		
Suspense	4	5,41%	4	2,04%	2		4	1,30%	1	0,30%	-	
Total	74	100%	197	100%	301	100%	308	100%	332	100%	259	100%

TFG LUGO	2012-13		2013-14		2014-15		2015-16		2016-17		2017-18	
Aprobado	12	19,05%	21	24,42%	20	18,52%	23	20,18%	20	18,35%	14	14,29%
Matr. Honra	1	1,59%		0,00%	2	1,85%		0,00%	2	1,83%	1	1,02%

Non Presentado	24	38,10%	37	43,02%	49	45,37%	27	23,68%	31	28,44%	21	21,43%
Notable	17	26,98%	21	24,42%	22	20,37%	29	25,44%	25	22,94%	35	35,71%
Renuncia		0,00%	2	2,33%	2	1,85%	1	0,88%	25	22,94%	17	17,35%
Sen cualificar		0,00%		0,00%		0,00%	27	23,68%		0,00%	3	3,06%
Sobresaliente	7	11,11%	2	2,33%	9	8,33%	7	6,14%	6	5,50%	7	7,14%
Suspenso	2	3,17%	3	3,49%	4	3,70%		0,00%		0,00%	-	-
Total	63	100%	86	100%	108	100%	114	100%	109	100%	98	

O mesmo acontece coa **taxa de rendemento** (créditos superados/créditos matriculados), que se incrementa de forma importante (48,01% 2014-2015; 41,88% 2015-16; 49,70% 2016-17 e 53,49% 2017-18) no último cursos en Santiago e Lugo (49,07% 2014-2015; 51,75% 2015-2016, 48,62% 2016-17 e 58,16% 2017-18). De novo, se esta materia non pode ser avaliada sen superar o resto, tampouco pode ser aprobada. Consideramos que as modificacións recollidas no reglamento dos TFG en Santiago de Compostela e Lugo foi positiva, tanto para o alumnado como para os titores mellorando no último ano as taxas de rendemento de forma notable. Outro indicador que consideramos importante comentar fai referencia ao “Informe sobre os recursos administrativos e reclamacións rexistrados na Oficina de Análise de Reclamacións (OAR)” para o grao en ADE.

No curso 2017-18 na Facultade de Ciencias Económicas e Empresariais presentáronse un total de 2 recursos e na facultade de Lugo presentouse 1. Todos eles foron desestimados. En canto as reclamacións en Santiago presentáronse un total de 6 reclamacións (dúas foron estimadas) e na facultade de Lugo presentáronse 3 que foron desestimadas ou arquivadas.

Nun grao cunha matrícula de 1.362 alumnos matriculados consideramos estes datos como unha medida da satisfacción dos estudantes co grao, xa que as súas queixas, reclamacións e recursos foron moi reducidas, a gran maioría desestimados.

Neste contexto xeral, a nosa valoración do cumprimento deste criterio é satisfactoria. Por un lado cremos que non se teñen producido modificacións relevantes na demanda social de profesionais con formación en Administración e Dirección de Empresas e o tipo de competencias que o alumnado debe acadar ao rematar o título non varían das descritas na memoria do título. En xeral, durante a implantación do título as competencias/resultados da aprendizaxe logran satisfacer os obxectivos do programa formativo e foron alcanzados na forma prevista. As actividades formativas, metodoloxías e sistemas de avaliación recollidos nas guías docentes resultan coherentes coas competencias que se pretende desenvolver. Non obstante temos observado un exceso de competencias transversais en algunhas materias e outras non se traballan de forma adecuada, de maneira que plantexamos unha acción de mellora para reflexionar sobre as mesmas.

O perfil de egreso real resulta adecuado e responde ao previamente establecido na Memoria do título. Esta consideración queda probada coas respostas dos diferentes colectivos con intereses no grao en ADE que valoran positivamente o perfil de egreso, en canto a formación académica e competencias acadadas, e o perfil laboral que precisan os empregadores.

En relación ás taxas de éxito, non presentan variacións significativas con respecto aos cursos anteriores. Entendemos que non existe un único motivo para xustificar a taxa de éxito que se sitúa por debaixo da media da USC e da MVT, se ben cabe dicir que, por un lado, nos últimos anos vense producindo un incremento importante do número de estudantes por grupo de teoría e de práctica e do número de estudantes por profesor; e, por outro lado, o perfil do alumnado tamén pode estar afectando a esta taxa (alumnado que non entra como primeira opción e con nota de corte baixa, cunha taxa de abandono superior á media da USC).

DIMENSIÓN 3. RESULTADOS

CRITERIO 7. INDICADORES DE SATISFACCIÓN E RENDEMENTO:

Estándar: Os resultados dos indicadores do programa formativo son congruentes co deseño, a xestión e os recursos postos a disposición do título e satisfán as demandas sociais da súa contorna.

Analizar os principais datos e resultados do título e valorar a evolución dun núcleo de indicadores mínimo. Comprobar se os resultados se adecúan ás previsións e características do título.

7.1.- Os principais datos e indicadores do título evolucionan favorablemente de acordo coas características do título.

Aspectos a valorar:

- Indicadores de demanda.
- Indicadores de resultados.
- Os indicadores téñense en conta para a mellora e revisión do plan de estudos.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

Tendo en conta a diferente situación existente nos dous centros farase unha análise por separado en función dos indicadores incluídos neste criterio.

En Santiago, no total dos cursos do grao en ADE vense producindo un incremento importante no número de alumnos matriculados (IN02G-PC-05), pasando de 1.062 (2012-13) a 1123 (2013-14) e a 1155 (2014-15), sufrindo un pequeno descenso durante o curso 2015-16 (1129), no 2016-17 (1092) e no 2017-18 (1.028). Sinalar que a pesar da limitación das prazas ofertadas (IN01G-PC-05) a 200 alumnos nos últimos anos, os alumnos matriculados de novo ingreso por preinscrición (IN04G-PC-05) no último ano foron de 210, mentres que no ano anterior foran 198, cubrindo todas as prazas na convocatoria de xullo dada a gran demanda do mesmo.

Se seguimos a mesma liña de análise para o título de ADE en Lugo, o número de prazas ofertadas reduciuse a 90, como se explicou no criterio 1. Neste curso académico produciuse un lixeiro descenso na matrícula conxunta de todo o grao en relación ao curso anterior (334 fronte a 344). Esta redución consideramos que ven provocada por un incremento bastante significativo da taxa de graduación (36,84% no curso 2017-18 fronte ao 28% do curso precedente), xa que se incrementou a matrícula de acceso ao grao, que pasa 67 no curso 2016-17 a 77 no 2017-18.

A facultade segue a facer esforzos para manter esa demanda a través de diferentes accións (vídeo promocional, actualización da páxina web, visitas a centros de ensino secundarios, visitas dos centros de ensino secundario á facultade, incorporación ao programa “Para estudar, Lugo”, participación no campus de verán Xuven-Ciencia da USC, etc.).

A continuación explícanse as taxas do título para os dous campus: éxito, rendemento e avaliación.

A pesar do esforzo que supuxo para os centros de Santiago e Lugo a implantación do grao, a taxa de rendemento do Grao en ADE experimentou unha tendencia crecente durante o seu ciclo de implantación, agás nos cursos académicos 14/15 e 15/16 que acadou unhas taxa de rendemento conxunta de 62,12%. e 63,53% para volver a incrementarse no 16/17 (63,68%) e no 17/18 (64,07%) (media da USC no curso 17/18: 78,46%). Esta taxa está algo por debaixo da prevista na MVT (70%).

No Anuario 2018 publicado polo Ministerio de Educación e o de Ciencia e Investigación, os datos da taxa de rendemento para ADE no curso 2016-17 nas universidades públicas presenciais foron:

TAXA DE RENDEMENTO para ADE nas Universidades públicas presenciais (2016-17)	
ADE-España	72,38
ADE-Santiago de Compostela	66,08
ADE-Universidade A Coruña	68,14
ADE-Universidade Vigo	61,36

Fuente:

<http://www.educacionyfp.gob.es/servicios-al-ciudadano-mecd/estadisticas/educacion/universitaria/estadisticas/estadistica-indicadores-universitarios/2018-2019.html>

En canto a taxa de éxito a evolución é similar, lixeiro retroceso no 14/15 e 15/16 (73,19% e 73,32%) para volver a repuntar no 16/17 (75,16%) e situarse no 17/18 no 74,24% cursos (media da USC no curso 17/18: 87,20%). En ambos casos moi próximas ás taxas de rendemento e éxito previstas na MVT (70% e 80%, respectivamente). Ademais, a medida que avanza o grado hai que sinalar que a taxa de avaliación do título foise incrementando ata chegar ao 87,54% no 2013-14 e con un lixeiro descenso nos cursos posteriores (86,80% no curso 2014-2015 e 84,72% no curso 2015-2016) e unha lixeira mellora no último curso 16/17 (84,73%) e 17/18 (86,30%).

A taxa de avaliación acada cifras moi similares nos cursos analizados, non existindo apenas diferencias entre os dous campus. No curso 2017-18 en Santiago a taxa de avaliación foi do 86,58% en en Lugo do 86,30%.

A taxa de abandono durante o primeiro curso é do 23,42 cun incremento importante respecto ao curso 16/17 (17,99%) (media da USC no curso 17/18: 16,02%).. En Santiago sitúase en valores similares ao curso anterior pasando do 17,37% no 2016/17 o 17,50% no 2017/18. En Lugo sitúase no 38,71% (20,41% no curso 16/17) (comentar). En Lugo supera o límite establecido na MVT (25%).

No Anuario 2018 publicado polo Ministerio de Educación e o de Ciencia e Investigación, os datos da taxa de abandono en primeiro para ADE para a cohorte de entrada 2014-2015 nas universidades públicas presenciais foron:

TAXA DE ABANDONO EN PRIMEIRO para ADE nas Universidades públicas presenciais (Cohorte 2014-15)	
ADE-España	20,22
ADE-Santiago de Compostela	18,02
ADE-Universidade A Coruña	21,19
ADE-Universidade Vigo	15,92

En canto e a taxa de abandono segundo o RD 1393 situase no curso 17/18 no 33,33% (32,79% en Santiago e 35,09% en Lugo), con unha lixeira diminución respecto do ano anterior (34,98%) e por enriba do 25% previsto na MVT (media da USC no curso 17/18: 22,70%). En Lugo prodúcese unha diminución importante no último curso desta taxa (curso 16/17 foi do 45,33%). Consideramos que o preocupante desta taxa en Lugo, tendo en conta o perfil de ingreso do noso alumnado, pode ser debida a que algúns estudantes que non poden cursar estes estudos noutras facultades, matricúlanse en Lugo no primeiro curso e despois solicitan un cambio para outras facultades do sistema universitario de Galicia.

No Anuario 2018 publicado polo Ministerio de Educación e o de Ciencia e Investigación, os datos da taxa de abandono global para ADE para a cohorte de entrada 2014-2015 nas universidades públicas presenciais foron:

TAXA DE ABANDONO GLOBAL para ADE nas Universidades públicas presenciais (Cohorte 2014-15)	
ADE-España	31,12
ADE-Santiago de Compostela	30,69
ADE-Universidade A Coruña	28,38
ADE-Universidade Vigo	30,98

A taxa de graduación experimenta un forte incremento en relación ao curso pasado, situándose no 38,75% (28,90% no curso pasado), moi inferior a media da USC no curso 17/18 (57,97%) inda que por enriba da prevista na MVT (35%). Este indicador está relacionado coa duración media dos estudos, que no último curso se sitúa en 5,28, por debaixo dos 5,50 do curso anterior (media da USC no curso 17/18: 4,98%). Consideramos que o incremento da taxa de graduación como a redución da duración media dos estudos pode estar relacionada coa modificación do sistema de avaliación do TFG.

No Anuario 2018 publicado polo Ministerio de Educación e o de Ciencia e Investigación, os datos da taxa de graduación para a cohorte de entrada 2012-2013 nas universidades públicas presenciais foron:

TAXA DE GRADUACIÓN nas Universidades públicas presenciais (cohorte de entrada 2012-2013)	
ADE-España	38,99
ADE-Santiago de Compostela	39,07
ADE-Universidade A Coruña	45,80
ADE-Universidade Vigo	31,11

A taxa de éxito dos egresados que é unha relación porcentual entre o nº total de créditos que superou o estudante ao longo da titulación e o nº total de créditos aos que se presentou, e bastante elevada (85,48 no curso 2015-16, 82,00 no 2016-17 e 80,40% no curso 17/18).

A taxa de idoneidade na graduación que mide a porcentaxe de estudantes que finalizaron os seus estudos no tempo previsto no plan de estudos ou antes e a súa cohorte de ingreso, e moi baixa 17,50% no curso 17/18 inda que mellorou respecto o curso 16/17 (12,17), nos dous campus (18,03 en Santiago e 15,79 en Lugo), e está relacionada co tempo medio en que rematan os estudos o alumnado.

A taxa de eficiencia que é unha relación porcentual entre o nº total de créditos que superou un estudante ao longo da titulación e o nº total de créditos nos que se matriculou, e bastante elevada (80,34% no curso 17/18) nos dous campus (81,04 en Santiago e 78,06 en Lugo). (taxa prevista na MVT: 80%)

INDICADOR		CURSO ACADÉMICO					
		2012/13	2013/14	2014/15	2015/16	2016/17	2017/18
IN34-S01-PM-01 Taxa de rendemento	Santiago	63,82	65,88	63,05	60,82	63,23	63,82
	Lugo	66,60	67,00	65,08	66,10	65,13	64,87
	Conxunta	64,52	66,59	63,53	62,12	63,68	64,07
IN35-S01-PM-01 Taxa de éxito	Santiago	73,92	75,97	73,36	72,11	74,87	73,71
	Lugo	77,21	75,78	72,68	76,97	76,06	75,95
	Conxunta	74,76	76,06	73,19	73,32	75,16	74,24
IN36-S01-PM-01 Taxa de avaliación	Santiago	86,34	86,72	85,94	84,35	84,45	86,58
	Lugo	86,25	88,42	89,55	85,87	85,63	85,41
	Conxunta	86,29	87,54	86,80	84,72	84,73	86,30
IN37-S01-PM-01 Taxa de graduación	Santiago		25,17	36,96	38,00	29,26	39,34
	Lugo	-	43,68	35,79	32,73	28,00	36,84
	Conxunta	-	32,75	36,65	36,13	28,90	38,75
IN38-S01-PM-01 Duración media dos estudos	Santiago	4	4,41	4,86	5,35	5,53	5,28
	Lugo	4	4,43	4,88	5,24	5,41	5,28
	Conxunta	4	4,41	4,87	5,32	5,50	5,28

IN39-S01-PM-01 Eficiencia dos titulados	Santiago	96,56	92,51	85,81	-	-	-
	Lugo	97,86	89,77	84,54	-	-	-
	Conxunta	97,02	91,05	85,48	-	-	-
IN40-S01-PM-01 Taxa de abandono durante o primeiro curso	Santiago	14,79	9,45	19,15	21,86	17,37	17,50
	Lugo	25,53	24,55	30,67	19,30	20,41	38,71
	Conxunta	-	14,84	22,43	21,25	17,99	23,42
IN41-S01-PM-01 Taxa de abandono RD 1393	Santiago	-	30,12	28,79	21,00	30,85	32,79
	Lugo	-	25,58	36,84	30,00	45,33	35,09
	Conxunta	17,95	-	30,97	24,19	34,98	33,33
IN50G-S01-PM-01 Taxa de éxito dos egresados	Santiago						
	Lugo						
	Conxunta				85,48	82,00	80,40
IN51G-S01-PM-01 Taxa de idoneidade na graduación	Santiago				21,00	12,77	18,03
	Lugo				12,73	10,67	15,79
	Conxunta				18,06	12,17	17,50
IN53G-S01-PM-01 Taxa de eficiencia	Santiago				81,38	78,52	81,04
	Lugo				81,59	77,14	78,06
	Conxunta				81,44	78,18	80,34

Resultados previstos na Memoria do título:

Taxa de graduación: 35%,

Taxa de abandono: 25%

Taxa de eficiencia: 80%

Taxa de rendemento: 70%

media por curso destes tres indicadores para o curso 2017-18 e para ambos campus recóllese na seguinte táboa:

INDICADORES	CENTRO	CURSO 2017-18				Santiago	Lugo	USC
		1º	2º	3º	4º			
IN40-S01-PM-01 Taxa de rendemento	Santiago	52,51	67,03	62,53	81,11	63,82	64,87	78,46
	Lugo	51,40	72,22	64,68	86,90			
IN41-S01-PM-01 Taxa de éxito	Santiago	62,32	76,92	69,75	93,83	73,71	75,95	87,20
	Lugo	64,66	80,14	74,65	94,23			
IN42-S01-PM-01 Taxa de avaliación	Santiago	84,26	87,14	89,65	86,44	86,58	85,41	89,98
	Lugo	79,80	90,06	86,18	92,42			

Taxa de rendimento por curso (Santiago):

CURSO	2012-13	2013-14	2014-15	2015-16	2016-17	2017-18
1º curso	57,23	52,51	52,54	49,79	49,77	52,51
2º curso	59,35	66,05	66,39	66,74	69,59	67,03
3º curso	66,63	66,06	54,99	54,64	62,89	62,53
4º curso	91,21	89,29	83,30	80,24	77,51	81,11
Total (%)	63,82	66,45	63,05	60,82	63,23	63,82

Taxa de rendimento por curso (Lugo):

CURSO	2012-13	2013-14	2014-15	2015-16	2016-17	2017-18
1º curso	48,50	50,05	49,67	55,82	49,00	51,40
2º curso	65,71	59,86	65,64	67,37	64,85	72,22
3º curso	79,87	78,59	63,17	63,00	70,42	64,68
4º curso	95,73	90,03	86,97	85,93	82,49	86,90
Total (%)	66,60	67,00	65,08	66,10	65,13	64,87

Taxa de éxito por curso (Santiago):

CURSO	2012-13	2013-14	2014-15	2015-16	2016-17	2017/18
1º curso	68,71	64,52	63,82	60,93	61,25	62,32
2º curso	69,38	74,76	76,34	77,49	79,77	76,92
3º curso	75,60	75,09	63,35	64,34	73,04	69,75
4º curso	96,03	95,17	93,72	93,05	91,62	93,83
Total (%)	73,92	76,16	73,36	72,11	74,87	73,71

Taxa de éxito por curso (Lugo):

CURSO	2012-13	2013-14	2014-15	2015-16	2016-17	2017-18
1º curso	63,73	60,51	54,99	68,20	63,22	64,66
2º curso	73,31	68,99	75,44	76,58	71,89	80,14
3º curso	83,97	82,37	68,96	71,50	77,51	74,65
4º curso	97,74	95,82	94,50	95,86	96,38	92,42
Total (%)	77,21	75,78	72,68	76,97	76,06	75,95

Taxa de avaliación por curso (Santiago):

CURSO	2012-13	2013-14	2014-15	2015-16	2016-17	2017/18
1º curso	83,29	81,39	82,32	81,70	81,25	84,26
2º curso	85,54	88,35	86,97	86,13	87,25	87,14
3º curso	88,14	87,97	86,81	84,92	86,11	89,65
4º curso	94,98	93,82	88,88	86,24	84,60	86,44
Total (%)	86,34	87,25	85,94	84,35	84,45	86,58

Taxa de avaliación por curso (Lugo):

CURSO	2012-13	2013-14	2014-15	2015-16	2016-17	2017-18
1º curso	76,10	82,70	90,33	81,85	77,51	79,80
2º curso	89,63	86,77	87,00	87,97	90,20	90,06
3º curso	95,11	95,42	91,61	88,11	90,86	86,18
4º curso	97,95	93,96	92,04	89,65	85,59	92,42
Total (%)	86,25	88,42	89,55	85,87	85,59	85,41

En relación as taxas medias de rendemento, éxito e avaliación, con respecto a curso 2016-17 pódese observar que son moi similares. En xeral, a medida que o alumnado avanza de curso académico as taxas analizadas incrementáanse progresivamente, ata chegar ao 4º curso no que se obteñen as taxas de rendemento, éxito e avaliación máis elevadas do grao. Isto é debido a que o alumnado cando chega a Universidade teñen que pasar por un período de adaptación aos novos sistemas de docencia que se imparten nas ensinanzas universitaria, o cal vese reflectido en que estas taxas teñen o valor máis baixo no primeiro curso. Por outra parte, a elevada taxa de abandono fai que estas taxas sexan especialmente baixas no primeiro curso. Ademais, o alumnado que está en último curso probablemente teñen unha maior motivación e amosan un maior interese en aprobar as materias porque xa ven preto o obxectivo da graduación.

En anos anteriores estas taxas eran crecentes a medida que avanzaban os cursos, sen embargo, no curso 2016-17 en Santiago a taxa de rendemento e de éxito reduíuse lixeiramente en terceiro con relación ao segundo curso. No curso 2017-18 esta redución no terceiro curso nas taxas de rendemento e éxito prodúcese nos dous campus. Sen embargo, a taxa de avaliación sofre un lixeiro descenso entre cuarto e terceiro en Santiago no curso 2016-17 e en Lugo no 2017-18.

A continuación analízanse as taxas de rendemento, éxito e avaliación por curso, por materia e por campus de forma resumida para o curso 2017/18.

Existen diferencias significativas nas taxas de rendemento e éxito entre os dous campus e nos catro cursos da titulación, non así na taxa de avaliación. Consideramos que existe unha diferenza significativa cando é superior ou inferior ao 20% entre os dous centros.

En primeiro curso as materias Dereito da Empresa en Santiago e Historia Económica en Lugo presentan taxas de éxito e de rendemento significativamente superiores a media do curso. Esta situación repítese respecto ao curso pasado.

Destacar a materia Estadística Empresarial I en Lugo, que presenta taxas de éxito (43,84%) e rendemento (29,63%) significativamente inferiores a media do curso. Similar situación ocorre na materia Microeconomía I en Lugo, que presenta taxas de éxito (43,66%) significativamente inferiores a media do curso e unha taxa de rendemento (32,29 %) moi baixa. En ambas materias obsérvanse baixadas moi importantes no último curso. Estas mesmas materias tamén presentan taxas baixas no campus de Santiago.

Destacar a mellora da materia Estrutura Económica Mundial en Lugo que este curso presenta taxas de éxito e rendemento por enriba da media do curso, cando o ano pasado as taxas estaban moi por debaixo da media do curso.

Ademais, hai unha materia, Principios de Economía, con diferencias significativas entre os dous centros e cunha taxa de rendemento e éxito sensiblemente inferior en Santiago, onde as taxa son baixas (39,75% e 45,91% respectivamente).

En segundo curso só hai unha materia, Contabilidade Financeira I no campus de Santiago, cunha taxa de rendemento e éxito inferior a media do curso. Nesta materia as taxas son lixeiramente inferiores as do ano pasado. No campus de Lugo nesta materia observamos unha mellora moi importante das taxas de rendemento e éxito, que eran significativamente inferiores a media o curso pasado.

Ademais, tamén hai dúas materias con diferenzas significativas intercampus: Estatística Empresarial II, cunha taxa de rendemento inferior en Santiago. (esta situación repítese respecto ao curso pasado), e Contabilidade Financeira I, cunha taxa de rendemento e éxito inferior en Santiago. As materias Política Económica e Contabilidade de Custos: Cálculo, Análise e Control, que estaban nesta situación o curso pasado, xa non presentan diferenzas significativas intercampus.

En terceiro curso a materia Socioloxía Económica presenta taxas de éxito e rendemento en Santiago e Lugo significativamente superiores a media do curso. Isto mesmo se repite para a materia Econometría I en Lugo. Esta situación repítese respecto o curso pasado.

Unicamente a materia Contabilidade Financeira II en Lugo presenta unha taxa de éxito (53,62%) significativamente inferior a media do curso, con unha baixada importante respecto ao curso anterior (67,61%). Ademais, hai unha

materia, Análise de Estados Financeiros, con diferenzas significativas intercampus, con taxas de rendemento e éxito inferiores en Santiago. Esta situación repítese respecto ao curso pasado inda que produxo unha redución importante da mesma derivada da mellora das taxas en Santiago.

Finalmente, sinalar que a materia Dirección Financeira I presenta taxas de rendemento significativamente inferiores en Santiago.

En cuarto curso, as diferenzas con relación a media do curso prodúcense unicamente na taxa de rendemento da materia Loxística Empresarial no campus de Lugo cunha taxa inferior a media. Nesta materia podemos observar unha baixada moi importante respecto ao curso anterior.

En canto as diferenzas significativas intercampus, sinalar que a materia Loxística Empresarial presenta unha taxa de rendemento inferior en Lugo. Esta situación é oposta a do ano pasado na que a taxa de rendemento era significativamente inferior en Santiago. Ademais, Investimentos Financeiros presenta unha taxa de rendemento inferior en Santiago, inda que é do 76,92%, preto da media do curso en Santiago (81,11%).

Seguimos a traballar para reducir as desviacións entre cursos e sedes nas diferentes taxas de rendemento e éxito, para elo púxose en marcha unha acción de mellora analizándose as diferenzas significativas tanto por curso como entre as dúas sedes, dando traslado aos departamentos dos resultados das análises e propoñéndolles analizar as causas das diverxencias e, se se estimaba oportuno, propoñer accións de mellora que poidan reducilas.

Os resultados acadados non foron os esperados, xa que non recibimos resposta concreta da maioría dos departamentos. Consideramos importante continuar con esta acción de mellora e, se fose necesario, celebrar unha reunión dos coordinadores cos directores dos departamentos implicados.

Aspectos a valorar:

- Indicadores de satisfacción co persoal académico, persoal de apoio, recursos, prácticas externas, proceso formativo, mobilidade, etc.
- Os indicadores de satisfacción téñense en conta para a mellora e revisión do plan de estudos.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

Con base nos datos dispoñibles, proporcionados pola Área de calidade e mellora dos procedementos da USC, fíxose unha análise pormenorizada das enquisas de satisfacción tanto dos alumnos ou egresados, como do PDI, PAS e titores nos programas de prácticas externas.

Código	Nome	Campus	2012-13	2013-14	2014-15	2015-16	2016-17	2017-18
IN15G-PC-08	Satisfacción dos estudantes saíntes cos programas de mobilidade	Santiago	-	3,93	3,55	3,54	3,73	3,57
		Lugo	-	3,30	-	3,85	4,00	3,94
IN16C-PC-08	Satisfacción dos estudantes entrantes cos programas de mobilidade	Santiago	4,41	4,36	4,33	4,53	4,00	3,80
		Lugo	4,67	4,33	4,33	4,67	4,50	4,75
IN19G-PC-09	Satisfacción dos estudantes cos programas de prácticas externas	Santiago	3,82	3,33	3,62	3,86	4,11	4,39
		Lugo	3,54	4,09	3,69	4,43	4,35	4,17

IN20G-PC-09	Satisfacción dos titores externos cos programas de prácticas externas	Santiago	-	4,00	4,33	3,95	4,00	4,17
		Lugo	-	4,03	4,19	4,13	4,21	3,99
IN21G-PC-09	Satisfacción dos titores académicos cos programas de prácticas externas	Santiago	-	-	4,10	3,20	3,67	4,20
		Lugo	-	4,4	4,7	4,75	4,73	-
IN23G-PC-09	Satisfacción dos egresados coa información pública dispoñible	Santiago	-	2,80	3,25	3,18	3,16	3,21
		Lugo	-	-	3,15	3,33	3,35	3,63
IN28G-PS-01	Satisfacción media do PDI coas actividades formativas desenvolvidas (USC)	Santiago	4,42	4,47	4,44	4,33	4,30	4,39
		Lugo	4,42	4,47	4,44	4,33	4,30	4,39
IN29-PS-01	Satisfacción media do PAS coas actividades formativas desenvolvidas (USC)	Santiago	3,73	4,09	4,11	3,99	3,91	3,99
		Lugo	3,73	4,09	4,11	3,99	3,91	3,99
IN42G-S01-PM-01	Grao de satisfacción xeral dos egresados coa titulación	Santiago	3,89	3,24	3,57	3,40	3,20	3,31
		Lugo	3,05	-	3,71	3,23	3,44	3,71
IN46G-S01-PM-01	Satisfacción do alumnado coa docencia recibida	Santiago	3,68	3,76	3,67	3,80	3,70	3,74
		Lugo	3,42	3,68	3,62	3,59	3,44	3,50
IN47G-S01-PM-01	Satisfacción do PDI coa docencia impartida	Santiago		3,70	3,54	3,60	3,66	3,77
		Lugo		3,80	3,73	3,83	3,88	3,90
IN49-PM-02	Satisfacción do PAS co traballo desenvolvido	Santiago	-	-	3,23	3,00	3,33	4,25
		Lugo	-	-	4,17	4,20	4,40	4,40

Neste contexto xeral, podemos considerar que os resultados das valoracións son satisfactorios. Tanto os programas de prácticas externas como os de mobilidade e como as actividades formativas desenvolvidas por PAS e PDI acadan puntuacións altas.

Tamén se expresa satisfacción coa docencia, recibida e impartida, sendo moi semellantes as valoracións medias do alumnado e do profesorado, que en xeral aumentan levemente no último ano. En canto a a satisfacción do alumnado coa docencia recibida mantense en valores similares aos obtidos en cursos anteriores, tanto en Santiago (3,74) como en Lugo (3,50), e moi similar a media da Universidade (curso 2016/17 3,68). En relación a satisfacción do profesorado coa docencia impartida, compre destacar que ó profesorado está satisfeito, en xeral, coa docencia impartida, tanto en Santiago (3,77) como en Lugo (3,90).

Destacar a boa valoración que o alumnado, os titores externos e os titores académicos atribúen ás prácticas externas tanto en Santiago como en Lugo. Tamén o alumnado mostra unha elevada satisfacción cos programas de mobilidade, tanto o saínte como o entrante.

Por outra banda, sinalar que o Pas está bastante satisfeito co traballo desenvolvido, inda que a a satisfacción en Santiago (4,25) é un pouco máis baixa que en Lugo (4,40).

Ademais, estes indicadores complétanse, nalgúns casos, cos informes complementarios nos que se recollen os resultados da valoración media para cada pregunta da enquisa. De novo, a análise realizarase por centros intentando

facen análises conxuntas cando sexa posible.

Satisfacción do alumnado coa titulación (INF.22).

Sinalar que a taxa de resposta sobre matriculados foi do 5,02% é 26 enquisas respondidas, de maneira que os resultados deben ser tomados con moita cautela.

En canto a información e orientación recibida na titulación obtén unha valoración lixeiramente superior a media da USC. A orientación profesional e laboral e a atención ao alumnado con necesidades especiais tamén presentan valores por enriba da media da USC.

	Santiago	Lugo	Titulación	USC
A información e orientación recibida na titulación	3,12	2,89	3,04	2,70
A orientación profesional e laboral	2,47	2,67	2,54	2,35
A atención ao alumnado con necesidades especiais	3,13	3,33	3,20	2,76

En relación a planificación e desenvolvemento das ensinanzas, a satisfacción do alumnado é, en xeral, positiva e similar ou lixeiramente superior a da media da USC nos seguintes aspectos: información dispoñible, organización temporal das materias, horarios, proporción entre as sesións teóricas e as prácticas, o Desenvolvemento das ensinanzas e a coordinación entre as materias. Unicamente o calendario de probas de avaliación está lixeiramente por debaixo da media da USC.

PLANIFICACIÓN E DESENVOLVEMENTO DAS ENSINANZAS	Santiago	Lugo	Titulación	USC
A información dispoñible sobre o desenvolvemento do ensino e a avaliación da aprendizaxe	3,71	3,00	3,46	3,07
A organización temporal das materias do plan de estudos	2,82	2,78	2,81	2,52
Os horarios da titulación	3,35	3,11	3,27	2,74
O calendario de probas de avaliación	2,59	2,33	2,50	2,85
A proporción entre as sesións teóricas e as prácticas na titulación	3,12	3,00	3,08	2,77
O desenvolvemento das ensinanzas da titulación	3,06	2,89	3,00	2,91
A coordinación entre as materias do plan de estudos	3,18	2,89	3,08	2,51

Por outra banda, en relación aos recursos materiais e servizos estes alcanzan en todos os ítems, salvo a dispoñibilidade de fondos bibliográficos recomendados, valores superiores a media da USC: equipamento das aulas de docencia e informática, os espazos destinados ao traballo autónomo e as plataformas de docencia virtual.

RECUROS MATERIAIS E SERVIZOS	Santiago	Lugo	Titulación	USC
As aulas e o seu equipamento	3,29	4,00	3,54	2,82
Os laboratorios, as aulas de informática, os obradoiros e espazos experimentais e o seu equipamento	3,59	3,71	3,63	2,84
Os espazos destinados ao traballo autónomo (salas de estudo, aulas de informática,...)	3,82	2,75	3,45	2,91
A dispoñibilidade de fondos bibliográficos recomendados na titulación	3,71	3,00	3,46	3,69
As plataformas de docencia virtual e ferramentas multimedia	3,76	3,38	3,63	3,38

As valoracións relativas as competencias adquiridas son mellores en Santiago e a nivel de título lixeiramente superiores a media da USC:

COMPETENCIAS ADQUIRIDAS	Santiago	Lugo	Titulación	USC
As competencias adquiridas	3,53	2,88	3,31	3,21

Finalmente, en relación a xestión da calidade, o alumnado considera que as canles para realizar queixas, suxestións parabéns e a información pública dispoñible sobre a titulación son valoradas positivamente e por enriba da media da USC:

XESTIÓN DA CALIDADE	Santiago	Lugo	Titulación	USC
As canles para realizar queixas, suxestións e/ou parabéns	3,00	2,75	2,91	2,61
A información pública dispoñible sobre a titulación	3,53	2,88	3,31	3,11

Satisfacción dos egresados (INF09)

En canto ao grao de satisfacción xeral dos egresados coa titulación (IN42G-S01-PM-01) presenta valores positivos nos últimos cursos académicos, pasando do 3,24 no curso 2013-14 ao 3,31 no curso 17/18 en Santiago e do 3,05 no curso 2012-13 ao 3,71 no 17/18 en Lugo, o que consideramos positivo, xa que no último ano se produciu un lixeiro incremento en ambas sedes.

En canto ao Informe da enquisa de satisfacción de egresados/as (INF.09), hai que sinalar tamén que a taxa de resposta e bastante baixa (13,94% en Santiago e 23 cuestionarios cubertos, e 26,42% en Lugo e 14 cuestionarios cubertos), co que as conclusións que se poden obter do mesmo deben ser tomadas con precaución. Destacar neste punto o seu alto grao de satisfacción coa formación teórica recibida, tanto en Santiago (3,78) como en Lugo (3,79) (media da USC 3,61), percibindo sen embargo a formación práctica cun baixo grao de satisfacción en ambos campus, especialmente en Santiago onde se sitúa moi por debaixo da media da USC (Santiago: 2,04; Lugo: 2,79; media da USC 2,74). Esta situación xa vén repetindo en cursos pasados, para tratar de mellorar esta percepción sobre a formación práctica dos egresados, levouse a cabo en Santiago un traballo práctico colaborativo con organizacións reais da contorna. Acción que se tratará de dar continuidade nos próximos cursos. Ademais, nos dous centros desenvólvense determinadas actividades que tratan de acercar ao alumnado a realidade empresarial: conferencias de empresarios, visitas a empresas, programa Argos, Programa Explorer, patrocinado polo banco Santander, Akademia da Fundación Bankinter e o Concurso de Ideas Innovadoras que organiza Uninova.

En canto ás competencias acadadas durante a formación universitaria, as que obteñen valoracións máis elevadas en Santiago fan referencia ás capacidades para a aprendizaxe autónoma (3,91) e o traballo en equipo (3,70). En Lugo é o traballo en equipo (4,29) e a capacidade de comunicación oral/escrita (4,14), ás que alcanzan unha puntuación. A peor valorada en ambos campus é a capacidade para aplicar os coñecementos adquiridos e resolver problemas dun xeito creativo ou orixinal dentro do ámbito de estudo, sendo tamén esta a competencia peor valorada a nivel global da universidade. Sinalar que a media da titulación é superior en todos as capacidades coa excepción do pensamento crítico (3,49 fronte a 3,50).

CAPACIDADES ADQUIRIDAS	Curso 16/17				Curso 17/18			
	Santiago	Lugo	titulación	USC	Santiago	Lugo	titulación	USC
Capacidade para a aprendizaxe autónoma	3,61	3,82	3,68	3,79	3,91	4,07	3,97	3,81
Pensamento crítico	3,13	3,46	3,24	3,42	3,22	3,93	3,49	3,50
Capacidade de comunicación oral/escrita	3,00	3,91	3,29	3,35	3,35	4,14	3,65	3,35
Capacidade de traballo en equipo	3,57	3,91	3,68	3,50	3,70	4,29	3,92	3,48
Capacidade de análise	3,48	3,27	3,41	3,37	3,52	4,00	3,70	3,44

Capacidade de transmitir información, ideas, problemas e solucións dentro do meu ámbito de estudo	3,26	3,36	3,29	3,36	3,09	3,93	3,41	3,40
Capacidade para aplicar os coñecementos adquiridos e resolver problemas dun xeito creativo ou orixinal dentro do meu ámbito de estudo	2,78	3,00	2,85	3,01	2,78	3,71	3,14	3,05

En canto a se consideran que as prácticas externas durante a titulación completaron a súa formación, o alumnado de Santiago valora este ítem cunha puntuación de 2,92 e o de Lugo cunha puntuación de 3,40 (media USC 3,90).

Pola súa parte, os programas de mobilidade son valorados satisfactoriamente: 4,50 en Santiago e 3,67 en Lugo (media da USC 4,14).

En canto o grao en que a formación recibida na titulación cumpriu as expectativas creadas antes de comezala as puntuacións melloraron de forma notable respecto ao curso pasado inda que en Santiago inda están por debaixo da media da USC (Santiago 3,09; Lugo 3,50; media USC 3,20).

Segundo os datos do INF.09, consideramos que a satisfacción dos egresados cos recursos e servizos son moi positivos e bastante por encima da media da USC nos tres indicadores analizados. O nivel de satisfacción mais alto en Santiago e Lugo no curso 2017-18 obtense no Servizo de cafetería.

RECURSOS E SERVICIOS	Curso 16/17				Curso 17/18			
	Santiago	Lugo	titulación	USC	Santiago	Lugo	titulación	USC
Recursos tecnolóxicos	3,83	4,46	4,03	3,67	3,91	4,00	3,95	3,57
Biblioteca	4,04	4,40	4,15	4,00	4,04	4,21	4,11	3,95
Cafetería	4,00	4,36	4,11	3,61	4,39	4,50	4,43	3,54

Sinalar que a satisfacción coa adecuación dos horarios, o calendario académico e de exames e a organización académica en xeral ten unha valoración de 2,84, lixeiramente superior a media da USC 2,79; a puntuación é lixeiramente inferior en Santiago (2,70) que en Lugo (3,07).

Tanto en Santiago como en Lugo a satisfacción coa información, xestión académica, páxina web e información da propia Facultade, en xeral, presentan valores positivos e bastante superiores a 3,00 e por enriba da USC. Para as reclamacións as valoracións en Santiago e Lugo son inferiores a 3,00, e por debaixo da media da USC, inda que como vimos estas foron moi escasas.

En canto ao grao de satisfacción dos egresados cos servizos (IN33G-PS-03) tamén se produce unha mellora importante nos últimos cursos pasando en Santiago do 3,07 (2013-14) o 4,28 (2014-15) o 4,08 no 2015-16 o 3,96 no 2016-17 e o 4,12 no 2017-18. En Lugo os datos son moi similares nos últimos catro cursos (4,20; 4,17, 4,41 e 4,18 no 2017-18).

Satisfacción dos egresados cos servizos	2012-13	2013-14	2014-15	2015-16	2016-17	2017-18
Grao en Administración e Dirección de Empresas [S]	4,09	3,07	4,28	4,08	3,96	4,12
Grao en Administración e Dirección de Empresas [L]	2,92	-	4,20	4,17	4,41	4,24
Media titulación	-	-	4,26	4,10	4,10	4,18

No referido a satisfacción dos egresados coa información pública dispoñible (IN23G-PC-12) tamén se constata unha mellora importante ao pasar do 2,80 no curso 2013/2014 ao 3,25 no curso 2014/2015, 3,18 no curso 2015/16, 3,16 no

curso 2016/17 e 3,21 no curso 2017/18 en Santiago. En Lugo, aumentou a súa valoración nos últimos catro curso ata alcanzar o seu valor máximo no 2017-18 (3,63). Neste aspecto os centros realizan un esforzo de envío de información aos egresados sobre ofertas laborais, posibilidades de continuar coa súa formación, etc, mantendo desta forma o contacto. Incluso en Lugo, na páxina web habilitouse un apartado dedicado aos egresados. Nun futuro trataremos de intensificar esta acción.

Satisfacción do estudiantado coas prácticas en empresas

En Santiago, a satisfacción dos estudantes cos programas de prácticas externas (IN19G-PC-09) mellora de forma importante pasando dun 3,33 no curso 2013/2014, 3,62 no curso 2014/2015, 3,86 no curso 2015/16, 4,11 no curso 2016/17 e 4,36 no curso 2017/18.

Nos resultados detallados da enquisa (INF. 06) os estudantes sinalan que a satisfacción xeral coas prácticas é moi elevada (4,80). Destacan especialmente a utilidade das prácticas para a súa formación e as actividades desenvolvidas na empresa cumpriron as súas expectativas, a valoración que fan das instalacións e medios materiais cos que contaron na empresa/institución, duración das prácticas, a atención recibida por parte do/a titor/a profesional e do persoal da empresa/institución e a información, (valoración superior a 4 en todos eles). O aspecto peor valorado fai referencia a orientación e atención prestada por parte do titor académico da Universidade (valoración 3,80). A taxa de resposta a esta enquisa foi un 30,30% (10 cuestionarios).

En Lugo, os estudantes tamén están moi satisfeitos co programa de prácticas (4,17), reducíndose lixeiramente con respecto ao curso anterior (4,35). Tódolos ítems do informe presentan valores moi satisfactorios e superiores a 4 puntos de media, o único que presenta valores inferiores é a puntuación outorgada polo alumnado á duración das prácticas (2,86), puntuación moi inferior a obtida en Santiago (4,10) tendo en conta que a duración das prácticas é a mesma. Ademais, hai que sinalar, que o alumnado ten oportunidade de ampliar o período de prácticas a través de prácticas extracurriculares e tamén se lles permite propoñer algunha empresa que lles pareza interesante para realizar as súas prácticas. A taxa de resposta a esta enquisa foi moi elevada 60,87%

Satisfacción dos titores coas prácticas en empresas

En canto á satisfacción dos titores externos nos programas de prácticas externas (IN20-PC-09), esta segue presentando valores moi positivos (4,00 no curso 2013/2014; 4,33 no curso 2014/2015, 4,00 no curso 2016/17 e 4,17 no curso 2017/18 para Santiago e 4,03; 4,19, 4,21 e 3,99 para Lugo).

No Informe da enquisa de satisfacción dos titores externos cos programas de prácticas externas (INF.07) todos os aspectos foron valorados moi positivamente, destacando o grao de integración do alumnado no medio de traballo, o grao de cumprimento por parte do alumnado das actividades asignadas e o seu grao de satisfacción xeral relativo á comunicación e coordinación cos/coas responsables académicos/as do título (cunha valoración de 4,50; 4,75 e 3,75 sobre 5 en Santiago e 4,08; 4,38 e 4,31 en Lugo). Os que responderon (Santiago: 4 cuestionarios, taxa de resposta 23,53%; Lugo: 13 cuestionarios, taxa de resposta 65%) valoran positivamente os coñecementos teórico-prácticos do alumnado (4,00 Santiago e 3,69 Lugo), a súa valoración é moi similar respecto da formación inicial de competencias profesionais do alumnado para cumprir coas actividades que lle foron asignadas (cunha valoración de 4,00 en Santiago e 3,54 en Lugo), cifra un pouco por encima da media da USC en Santiago e un pouco por debaixo en Lugo.

Comparando as respotas proporcionadas polos titores profesionais e as aportadas polo alumnado egresado podemos concluír que a valoración que fan ambos grupos da formación teórica recibida é positiva. Por outra banda, aínda que o alumnado mostraba o seu baixo grao de satisfacción (Santiago: 2,04; Lugo: 2,79) respecto da formación práctica, parece que os titores de prácticas externas teñen outra visión, xa que valoran de forma máis positiva as competencias profesionais do alumnado, inda que lixeiramente inferior en Lugo.

INF.07	Santiago	Lugo	Media USC
Valore a formación inicial de coñecementos teórico-prácticos do alumnado para cumprir coas actividades que lle foron asignadas	4,00	3,69	3,87
Valore a formación inicial de competencias profesionais do alumnado para cumprir coas actividades que lle foron asignadas	4,00	3,54	3,82

No Informe da enquisa de satisfacción dos/as titores/as académicos/as (INF.08) sinalar que para este curso só temos datos para a facultade de Santiago. A valoración realizado polos titores académicos foi moi positiva xa que todos os ítems alcanzan un valor medio de 4,50, agás a satisfacción como comunicación e coordinación coas empresas que e valorado con un valor de 3,50. A satisfacción xeral co programa de prácticas é de 4,00. Hai que salientar que todos os titores de prácticas en Santiago cubriron esta enquisa. Como se sinalou anteriormente non hai datos para Lugo.

Despois de analizar a opinión dos tres actores implicados no programa de prácticas dos dous centros (alumnado, titores profesionais e titores académicos), podemos concluir que é satisfactorio. Por todo isto, consideramos que o programa de prácticas implantado no campus de Santiago de Compostela e en Lugo amosa unha evolución positiva e satisfactoria para as partes implicadas no mesmo (alumnado, titores académicos, titores profesionais).

Satisfacción estudiantado cos programas de mobilidade

En Santiago, a satisfacción dos estudantes saíntes cos programas de mobilidade (IN15G-PC-08) diminúe lixeiramente no último curso, pasando do 3,78 no curso 2013/2014 ao 3,54 no curso 2015/16 e 3,73 no 2016/17 e 3,57 no 2017/18. Consideramos que o nivel de satisfacción é elevado.

Nos resultados detallados da enquisa (INF.04) todos os aspectos relacionados coa mobilidade saínte valóranse por enriba de 3, salvo a orientación e axuda recibida na facultade sobre o programa de mobilidade que valoran con un 2,80. Cómpre recordar que todos os anos se fan xornadas de presentación dos programas de mobilidade, onde acude pouco alumnado, e se publicitan as convocatorias no panel informativo da entrada. Asemade, comunícaselles ao alumnado que hai un coordinador de programas de mobilidade na facultade para que se comuniquen con el cando lles xorden dúbidas. Seguiremos traballando neste aspecto para intentar melloralo.

Os aspectos que mellor puntuación acadan son os relacionados co apoio recibido e coordinación entre institucións (3,90), a orientación e axuda recibida e a formación (3,80) e a acollida en destino (4,22).En xeral, o seu nivel de satisfacción co programa de mobilidade e coa experiencia vivida é moi elevado (4,5) e recomendarían o destino (4,30). A taxa de resposta a esta enquisa foi do 23,81%, 10 estudantes.

En Lugo, a satisfacción dos estudantes saíntes cos programas de mobilidade (IN15G-PC-08) e moi elevada (3,94), inda que o número de alumnos que utilizan estes programas é moi reducido. Segundo o recollido na enquisa de satisfacción cos programas de mobilidade, o nivel de satisfacción do alumnado co programa de mobilidade e coa experiencia vivida é moi elevado (4,67), mentres que os valores máis baixos de satisfacción son o recoñecemento académico da USC con estudos cursados durante a mobilidade (3,00), a facilidade para elaborar o acordo de estudos (3,33) e información proporcionada pola Facultade (3,33). Cómpre recordar que todos os anos se fan xornadas de presentación dos programas de mobilidade, onde acude pouco alumnado, e se publicitan as convocatorias no panel informativo da entrada. Seguiremos traballando neste aspecto para intentar melloralo.

En Santiago, a satisfacción dos estudantes entrantes cos programas de mobilidade (IN16C-PC-08 e INF.05) mantense en niveles elevados con unha diminución no último curso (pasa do 4,41 o 4,36, o 4,33 o 4,53, 4 e 3,80) nos últimos catro cursos,. De feito o 80% recomendaría a experiencia a compañeiros.

No último curso, en Santiago a mobilidade entrante foi de un total de 95 alumnos (70 mediante convenios bilaterais, 24 Erasmus e 1 SICUE, INF.03), con un incremento importante respecto aos 82 alumnos do curso 2016/17. Sinalar que nos últimos cursos se recibiron un maior número de alumnos e a maioría (60%) por un curso completo. A facultade reúnese con todo o alumnado de mobilidade entrante nunha xornada de benvida para explicarlles todos os servizos e o funcionamento xeral da facultade e a universidade.

Hai unha diminución no último curso en canto á dificultade para acceder á información na páxina web da USC relativa aos seus estudos (pasa de 3,08, 3,54, 3,91 e 3) nos catro últimos cursos e unha mellora continua na relativa a información práctica sobre o campus (2,75, 3,43, 3,58 e 3,60). Tamén se produce unha mellora na valoración recibida do coordinador académico (pasa do 2,73, 3,73, 3,67 e 3,80). Valoran tamén positivamente as distintas instalacións e os servizos da Universidade e o Servicio de Relacións exteriores con algo inferiores a media da USC. Tamén valoran positivamente o nivel e atención do profesorado (3,60) sendo a axuda recibida por outros alumnos (2,80 no último curso) e o grao de integración cos estudantes locais na institución de acollida a que obtén valores máis reducidos

(2,00). Cabe sinalar que a taxa de resposta a esta enquisa foi baixa (14,45%) e que os resultados non se refiren unicamente ao Grao en ADE senón a toda a Facultade de Ciencias Económicas e Empresariais.

En Lugo, a satisfacción dos estudantes entrantes cos programas de mobilidade mantense en niveles moi elevados (4,33; 4,33; 4,67; 4,50 e 4,75) nos cinco últimos cursos, recibindo nos últimos cursos un número elevado de alumnado (41 no curso 2017-18), aspecto que consideramos moi relevante de cara a unha maior diversidade e posta en común doutras formas de traballo, que redundará nunha mellor formación tanto dos noso alumnado como do alumnado que recibimos. Destacamos que a maioría do alumnado de mobilidade entrante foron a través de Convenios Bilaterais (39) e se integran nos nosos programas formativos durante un semestre. O nivel de satisfacción acadado e moi elevado, xa que o 88,50% recomendaría a experiencia a compañeiros. Os aspectos mellor valorados polo alumnado que recibimos en Lugo son as infraestruturas en xeral da universidade, aulas, laboratorios, talleres (4,75), o acceso ás bibliotecas e ao material de estudo (4,75), o Servizo de Relacións Exteriores (4,75), o nivel de atención do profesorado (4,50) e o acceso a PCs e servizos de e-mail (4,50). O aspecto peor valorado é a axuda recibida por outros alumnos en temas sociais, culturais, e académicos (3,50). Neste aspecto a facultade fai un esforzo por reunirse con todo o alumnado de mobilidade entrante nunha xornada de benvida para explicarlles todos os servizos que pon á súa disposición a facultade e a universidade, pero pódese botar man do alumnado titor para traer de fomentar máis a proximidade entre o alumnado estranxeiro e o local, de tal xeito que os últimos se sintan mellor acollidos. Estes indicadores animámonos a continuar no proceso de apertura e integración de estudantes procedentes doutras universidades internacionais.

Satisfacción do profesorado coa titulación

No curso 2016-17 e 2017-18 a Área de Calidade e Mellora dos Procedementos, tendo en conta a recomendación realizada polos avaliadores externos, fixo unha enquisa co obxectivo de analizar o nivel de satisfacción do profesorado coa titulación (INF.23).

No curso 2017-18 responderon a esta enquisa 45 profesores (34,09%) entre os dous campus. A continuación expóñense as principais conclusións deste estudo para o curso 2017-18.

O profesorado do grao en ADE valora moi positivamente a información dispoñible sobre os obxectivos e as competencias do grao, así como as competencias que se adquiren con esta titulación, cunha media sensiblemente superior a da USC.

OBXECTIVOS E COMPETENCIAS	Santiago	Lugo	Titulación	USC
A información dispoñible dos obxectivos xerais e competencias do plan de estudos	4,36	4,37	4,36	4,18
As competencias do plan de estudos	4,00	4,17	4,07	4,01

En relación ao desenvolvemento das ensinanzas ao longo dun curso académico (organización temporal do plan de estudos, horarios, calendario de exames...) o profesorado manifesta un alto nivel de confirmade, e superior a media da USC. A menor valoración obténse na coordinación entre as materias do plan de estudos (3,62).

PLANIFICACIÓN E DESENVOLVEMENTO DAS ENSIANZAS	Santiago	Lugo	Titulación	USC
A organización temporal das materias do plan de estudos	3,88	3,79	3,84	3,73
Os horarios da titulación	3,73	3,95	3,82	3,71
O calendario de probas de avaliación	3,73	4,26	3,96	3,92
A proporción entre as sesións teóricas e as prácticas na titulación	3,81	3,95	3,87	3,80
O desenvolvemento das ensinanzas da titulación	3,81	4,16	3,96	3,86

A coordinación entre as materias do plan de estudos	3,65	3,58	3,62	3,43
---	------	------	------	------

Por outra banda outro aspecto valorado positivamente polo PDI con docencia no grao en ADE é que consideran que existe coherencia entre os criterios de asignación de docencia e a capacitación do profesorado, cunha valoración moi similar a media da USC (3,64 fronte a 3,70). Este indicador é mais elevado no campus de Lugo (3,84) que no de Santiago (3,50).

En relación aos recursos materiais e servizos, pódese dicir que o profesorado dos dous campus está satisfeito co nivel de equipamento das súas facultades, e lixeiramente por encima da media da USC. Hai que sinalar que neste aspecto o nivel de satisfacción do PDI de Lugo é mais elevado derivado de que este centro é mais moderno que o de Santiago.

RECURSOS MATERIAIS E SERVIZOS	Santiago	Lugo	Titulación	USC
As aulas e o seu equipamento	3,31	4,74	3,91	3,78
Os laboratorios, as aulas de informática, os obradorios e espazos experimentais e o seu equipamento	3,32	4,68	3,90	3,57
Os espazos destinados ao traballo autónomo do alumnado (salas de estudo, aulas de informática..)	3,32	4,26	3,72	3,70
A dispoñibilidade de fondos bibliográficos recomendados na titulación	4,23	4,44	4,32	4,17
As plataformas de docencia virtual e ferramentas multimedia	4,04	4,56	4,26	4,08

En relación as competencias adquiridas polo alumnado cando remata os seus estudos e a adecuación das mesmas a actividade profesional que pode desenvolver o alumnado, o PDI dos dous centros manifesta a súa confirmade cas mesmas (3,73 e 3,74), con valores similares a media da USC (3,74 e 3,83).

RESULTADOS	Santiago	Lugo	Titulación	USC
As competencias adquiridas polo alumnado	3,58	3,94	3,73	3,74
A adecuación das competencias do título co desenvolvemento profesional do alumnado	3,52	4,05	3,74	3,83

O PDI das dúas facultades considera que a orientación e información recibida polo alumado dos dous centros en relación a diferentes aspectos relacionados con actividades das facultade e da USC son elevadas, con puntuacións superiores a media da Universidade.

ORIENTACIÓN AO ALUMNADO	Santiago	Lugo	Titulación	USC
As accións de orientación ao alumnado da titulación	3,60	4,00	3,77	3,70
A orientación profesional e laboral ao alumnado da titulación	3,68	3,89	3,77	3,62
A difusión das actividades extracurriculares entre o alumnado (información das actividades culturais, deportivas, sociais...)	3,72	4,06	3,86	3,69

Por outra banda, está moi satisfeito coa información dispoñible sobre os sistemas de calidade, as canles para realizar queixas o suxestións, a participación na mellora da calidade e a información pública dispoñible sobre a titulación, con

media superior en todos os casos a da USC.

XESTIÓN DA CALIDADE	Santiago	Lugo	Titulación	USC
A información dispoñible en relación coa calidade	3,68	4,17	3,89	3,72
As canles para realizar queixas, suxestión e/ou parabéns	3,60	4,11	3,82	3,70
A vías de participación na mellora da calidade da titulación	3,36	4,00	3,63	3,57
A información pública dispoñible sobre a titulación	4,12	4,39	4,23	3,98

Satisfacción do PDI coa formación recibida

A USC elabora anualmente un “Informe da enquisa de satisfacción media do PDI coas actividades formativas desenvolvidas” (INF.10). Deste informe destacamos o nivel de satisfacción global do profesorado cos programas de formación nos que participaron (4,39). En canto a si recomendaría os cursos nos que participou a outros compañeiros a valoración foi de 4,42; entendendo que os cursos aos que asistiron cumpriron as súas expectativas (4,29) e adaptábanse ás súas necesidades formativas (4,35). Estas avaliacións foron mellorando nos últimos cursos e entendemos que existe unha maior preocupación pola mellora continua.

En calquera caso seguimos a traballar na participación do profesorado nos programas formativos, existindo a posibilidade de proponer desde o propio centro diferentes programas formativos do profesorado a demanda para adaptarnos ás súas necesidades específicas. Destacamos como positivo que é o PDI que leva un maior número de anos na universidade o que participa en superior porcentaxe nos cursos de formación (un 35,7% os que levan máis de 20 anos na universidade), o que redonda nunha renovación nas metodoloxías aplicadas na aula.

No curso 2015/2016 a porcentaxe de participación do profesorado do título nalgún curso organizado polo PFID foi do 50,00% en Lugo e do 32,6% en Santiago o que supón un claro aumento respecto ao ano anterior. No curso 2016-17 produxose un descenso nesta porcentaxe pasando a ser en Santiago do 22,77% e en Lugo do 39,47%. No último curso 2017-18 en Santiago foi do 36% e en Lugo do 30,77%.

Por outra banda, no informe da enquisa de satisfacción do profesorado coa docencia impartida só o 23% do PDI de Lugo e o 35% de Santiago amosan o seu interese en recibir formación de apoio en novas tecnoloxías aplicadas á docencia e o 26% en Lugo e o 36% en Santiago en formación relacionada coa mellora da docencia relativa ao apoio didáctico e pedagóxico xeral (INF 14). En este sentido propoñemos unha acción de mellora ofertando desde o propio centro cursos de innovación educativa de temática diferente a recollida no Programa de Formación e Innovación Docente (PFDI), xa que parte do profesorado xa realizou os cursos ofertados polo mesmo que eran do seu interese.

Satisfacción PAS

